

obradoiro de artesanía

Publicación anual de Artesanía de Galicia. nº13 xullo / julio 2015



XUNTA DE GALICIA



ARTESANÍA
DE GALICIA



galicia



XUNTA
DE GALICIA



Francisco Conde López
Consejero de Economía e Industria

É para min unha honra darvos a benvida unha vez máis ás páxinas de *Obradoiro de Artesanía*, nas que vos ofrecemos unha pequena escolma de diferentes proxectos e iniciativas destacables dentro do sector.

A formación ocupa un lugar destacado no Plan de Artesanía de Galicia, como unha vía para incrementar a competitividade da nosa artesanía e garantir a súa renovación. A mellora da capacitación dos artesáns, tanto técnica como sobre todo noutras disciplinas coma o marketing, a aplicación das novas tecnoloxías para o deseño e a comercialización do produto, e tamén o fortalecemento da marca Artesanía de Galicia, o apoio ao emprendemento e a incorporación de novos profesionais ao sector, convértense en accións clave para o futuro do sector.

Por iso, unha das paradas obrigadas neste viaxe pola actualidade da artesanía galega nos últimos meses é *Facemos marca. Medrando cos artesáns*, orientado a achegar a artesanía aos estudantes de disciplinas artísticas co obxectivo de captar o talento galego para o sector artesán e asegurar o relevo xeracional. Por iso, neste novo número de *Obradoiro de Artesanía* dedicamos tamén un apartado a falar das últimas incorporacións ao selo Artesanía de Galicia, en concreto dos obradoiros *Mimadriña* e *Lerole: puntadas na pedra*.

Poñemos tamén o foco sobre a maior demanda no uso das redes sociais e da comercialización electrónica á que estamos a asistir, xa que estamos convencidos de que se trata dunha oportunidade excelente para a empresa artesá. A dispersión xeográfica, cun produto e cunha historia detrás moi atractiva encaixa perfectamente nas novas tendencias da comunicación social. Precisamente, estamos a impulsar diferentes liñas de axuda centradas en apoiar aqueles talleres que decidan crear un servizo de venda *online* na súa páxina web, e incorporar as novas tecnoloxías á xestión da súa empresa, incluíndo ademais da comercialización o márketing e o empaquetado. Queremos un sector artesán sólido, dinámico e moderno.

A través das páxinas da revista poderemos coñecer tamén a cerámica de Nano Unzueta, a mestría co coiro do taller de Vidal Revilla, ou os arranxos florais de Floriforma. O téxtil está representado polo taller Tapices de Galicia e pola tecedeira de baixo lizo Ana Castro. Coñeceremos tamén o taller de José Enrique López Ocampo, o único en Galicia que se dedica á fundición de campás, seguindo coa tradición iniciada pola súa familia en 1.630 en Caldas de Reis.

Hai espazo ademais para a comercialización do produto artesán, con varias reportaxes sobre establecementos como *Merlín e familia*, de Santiago de Compostela, ou as tendas taller *Estilo Aramar* en Pontevedra e *Noroeste Artesanía*, en Santiago de Compostela. Non podíamos deixar de mencionar os Premios Nacionais de Artesanía 2014, nos que a artesá Idoia Cuesta resultou gañadora do Premio Produto coa súa colección de cestería téxtil "Pandeira", e a Asociación Galega de Artesáns obtivo o Premio Promociona para Entidades Privadas pola súa aplicación "Obradoiros Abertos", incluída no proxecto Rutas de Artesanía da Xunta.

Un ano máis, vólvese recoñecer o talento e a calidade do sector artesán galego e o traballo que se está a realizar en Galicia a prol do desenvolvemento, a divulgación e a posta en valor da artesanía. Unha Artesanía de Galicia da que todos temos que estar orgullosos e pola que todos xuntos continuaremos a traballar.

obradoiro de artesanía **13**

2	Limiar	Limiar
4	Entrevista a Francisco Conde, conselleiro de Economía e Industria	Entrevista a Francisco Conde, conselleiro de Economía e Industria
10	Artesanía de Galicia triunfa nos Premios Nacionais de Artesanía 2014	Artesanía de Galicia triunfa en los Premios Nacionales de Artesanía 2014
12	Obradoiros accesibles dende o móbil	Talleres accesibles desde el móvil
14	Idoia Cuesta. (Re) crear a cestería	Idoia Cuesta. (Re) crear la cestería
16	Días Europeos da Artesanía. A cita cos oficios	Días Europeos de la Artesanía. La cita con los oficios
20	Nano Unzueta, olería contemporánea	Nano Unzueta, alfarería contemporánea
26	Zume novo en Artesanía de Galicia	Savia nueva en Artesanía de Galicia
28	Lerole, levar a arqueoloxía ao téxtil	Lerole, llevar la arqueología al textil
30	Mimadriña, como cambiar o mundo con barquiños de papel	Mimadriña, como cambiar el mundo con barquitos de papel
32	Artesanía de Galicia nun click	Artesanía de Galicia en un click
36	Estilo Aramar. Artesanía personalizada	Estilo Aramar. Artesanía personalizada
38	Merlín e familia	Merlín e familia
40	O resplandor dunha xoiería única	El resplandor de una joyería única
46	Por quen soan as campás	Por quién suenan las campanas
52	O coiro coas mans. Un oficio de tradición secular	El cuero con las manos. Un oficio de tradición secular
58	Creatividade entre tecidos	Creatividad entre tejidos
64	Ana Castro, artesanía téxtil dende a Vía da Prata	Ana Castro, artesanía textil desde la Vía de la Plata
70	Os segredos da arte floral	Los secretos del arte floral
74	Eventos de Artesanía de Galicia	Eventos de Artesanía de Galicia

Edición

Xunta de Galicia
Consellería de Economía e Industria
Dirección Xeral de Comercio

Coordinación

María Guerreiro e María Noya
Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño
L25MN Área Central 15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 999 171 Fax 881 999 170
e-mail: centro.artesania@xunta.es
artesaniadegalicia.xunta.es

Maquetación, realización

DARDO (Cristina Moralejo)
dardo@dardo-ds.com

Redacción

María Guerreiro, María Noya, DARDO (Sara Donoso)

Fotografía

AGA, Eduardo Armada, Sara Donoso, Emilio Kabchi, Stéphane Luthier, César Martínez, arquivo da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño e contribucións dos artesáns

D.L.: C-4788-2008



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

ARTESANÍA  DE GALICIA



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

ENTREVISTA A FRANCISCO CONDE

CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA



“Apostamos por unha artesanía innovadora e transversal que busque e favoreza a interrelación con outros sectores”

O impulso á competitividade da empresa artesá galega é un dos puntos clave do Plan de Artesanía de Galicia, a folia de ruta que guía o traballo da Xunta neste ámbito. O conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, describe un sector heteroxéneo, amplo e dinámico, que se relaciona con outras actividades económicas coma o turismo, e busca sinerxías con outras disciplinas. O esforzo pola captación do talento galego e pola visibilización e posta en valor dos oficios artesanás, así como a consolidación de Artesanía de Galicia como marca de referencia en calquera mercado, son outros dos elementos nos que se basean as liñas de actuación da Xunta en materia de artesanía.

“Apostamos por una artesanía innovadora y transversal que busque y favorezca la interrelación con otros sectores”

El impulso a la competitividad de la empresa artesana gallega es uno de los puntos clave del Plan de Artesanía de Galicia, la hoja de ruta que guía el trabajo de la Xunta en este ámbito. El conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, describe un sector heterogéneo, amplio y dinámico, que se relaciona con otras actividades económicas como el turismo, y busca sinergias con otras disciplinas. El esfuerzo por la captación del talento gallego y la visibilización y puesta en valor de los oficios artesanos, así como la consolidación de Artesanía de Galicia como marca de referencia en cualquier mercado, son otros de los elementos en los que se basan las líneas de actuación de la Xunta en materia de artesanía.

O pulo á innovación é unha constante do traballo da Consellería.

A innovación é fundamental para ter un sector forte e competitivo. Entendemos que a innovación debe estar presente no conxunto do proceso da artesanía, dende a concepción mesma do produto, a súa elaboración, pero tamén a xestión do taller como empresa artesá e tamén a súa presentación de cara ao público, a súa imaxe na internet, a súa presenza profesional nas redes sociais, o empaketado das pezas, a etiquetaxe, pero tamén como ese produto chega aos clientes, a través de diferentes canles. Estamos a apostar por novas fórmulas de comercialización como *pop ups*, espazos de exposición como *showrooms* e, por suposto, a creación do servizo de comercialización electrónica con pasarela de pago.

Apostamos por unha artesanía innovadora pero tamén por unha artesanía transversal, que non funcione como un elemento illado senón que busque e favoreza a interrelación con outros sectores. A artesanía téxtil, a xoyería, o coiro, son elementos importantes para a moda; as pezas de cerámica ou madeira poden ser os recipientes idóneos para a nova gastronomía galega, temos pezas tradicionais que poden ser perfectas opcións para calquera deseño de interiores ou sectores como a pedra, a cestería, a madeira, o ferro, que poden complementar proxectos de arquitectura. Contamos cun sector heteroxéneo e moi profesional, as posibilidades de desenvolvemento son extraordinarias.

Como se está a materializar a relación entre artesanía e turismo?

Existe un vínculo natural entre artesanía e turismo. A Artesanía de Galicia ofrécelle ao turista unha actividade fortemente ligada ao territorio, en moitas ocasións tamén coa tradición e coa cultura e isto funciona como reclamo. Neste sentido, dende a Consellería puxemos en marcha as Rutas de Artesanía, xunto coa Axencia de Turismo de Galicia, para promover a posta en valor dos oficios tradicionais e o seu impulso como atractivo turístico, para darlle visibilidade aos artesáns, para coñecer e sentir a artesanía no seu entorno.

Nesta iniciativa incluímos os Mapas de Artesanía de Galicia, onde se lle ofrece ao visitante información por provincias dos obradoiros abertos ao público, así como dos puntos de interese artesanal e os relaciona cos diferentes Camiños de Santiago. O proxecto complétase cunha app móbil, Obradoiros Abertos, que parte do traballo previo da Asociación Galega de Artesáns e que vén de ser recoñecida cos Premios Nacionais 2014 na súa categoría Promociona para Entidades Privadas. Partimos de preto de 150 artesáns de toda Galicia, pero trátase dun proxecto que está aberto e ao que estamos a incorporar

El impulso a la innovación es una constante del trabajo de la Consellería.

La innovación es fundamental para tener un sector fuerte y competitivo. Entendemos que la innovación debe estar presente en el conjunto del proceso de la artesanía, desde la propia concepción del producto, hasta su elaboración, pero también en la gestión del taller como empresa artesana y también su presentación al público, su imagen en internet, su presencia profesional en las redes sociales, empaketado de las piezas, etiquetado, pero también cómo ese producto llega a los clientes, a través de diferentes canales. Estamos apostando por nuevas fórmulas de comercialización como *pop ups*, espacios de exposición como *showrooms* y, por supuesto, la creación del servicio de comercialización electrónica con pasarela de pago.

Apostamos por una artesanía innovadora pero también por una artesanía transversal, que no funcione como un elemento aislado sino que busque y favorezca la interrelación con otros sectores. La artesanía textil, la joyería, el cuero, son elementos importantes para la moda; las piezas de cerámica o madera pueden ser los recipientes idóneos para la nueva gastronomía gallega, tenemos piezas tradicionales que pueden ser perfectas opciones para cualquier diseño de interiores o sectores como la piedra, la cestería, la madera, el hierro, que pueden complementar proyectos de arquitectura. Contamos con un sector heterogéneo y muy profesional, las posibilidades de desarrollo son extraordinarias.

¿Cómo se materializa la relación entre artesanía y turismo?

Existe un vínculo natural entre artesanía y turismo. Artesanía de Galicia ofrece al turista una actividad fuertemente ligada al territorio, en muchas ocasiones también con la tradición y la cultura y esto funciona como reclamo. En este sentido, desde la Consellería hemos puesto en marcha las Rutas de Artesanía, junto con la Axencia de Turismo de Galicia, para promover la puesta en valor de los oficios tradicionales y su impulso como atractivo turístico, para dar visibilidad a los artesanos, para conocer y sentir la artesanía en su entorno.

En esta iniciativa hemos incluido los Mapas de Artesanía de Galicia, donde se ofrece al visitante información por provincias de los talleres abiertos al público, así como de los puntos de interés artesanal y los relaciona con los diferentes Caminos de Santiago. El proyecto se completa con una app móbil, Obradoiros Abertos, que parte del trabajo previo de la Asociación Galega de Artesáns y que acaba de ser reconocida con los Premios Nacionales 2014 en su categoría Promociona para Entidades Privadas. Partimos de cerca de 150 artesanos de toda Galicia, pero se trata de un proyecto que está abierto y al que estamos incor-



continuamente artesáns que queiran participar abrindo os seus obradoiros ao público.

Comentaba que a aplicación Obradoiros Abertos resultou galardoada na última edición dos Premios Nacionais de Artesanía, na que tamén podemos celebrar outro recoñecemento importante para o sector, ao traballo da artesá Idoia Cuesta.

O traballo de Idoia Cuesta é un exemplo do que antes falabamos da introdución da innovación en todos os procesos da artesanía porque ela incorpora novos materiais á cestería e busca novos usos e novos públicos, tanto en Galicia como fóra. Está a facer un esforzo polas novas fórmulas de comercialización tanto *online* como a través de feiras internacionais. Idoia Cuesta está a revolucionar a cestería tradicional e estase a converter nun referente para o propio sector tanto no que se refire ao talento, como á calidade e á innovación.

É unha satisfacción ver como en cada edición os nosos artesáns se ven recoñecidos dunha maneira ou doutra nos Premios Nacionais de Artesanía. Temos gañadores e finalistas en todas as edicións desde o seu comezo e isto é un sinal inequívoco da alta calidade e do nivel dos artesáns galegos.

A Consellería de Economía e Industria convocou tamén este ano os Premios Artesanía de Galicia.

O obxectivo é recoñecer a creatividade, a traxectoria e o talento dos artesáns galegos, impulsar o relevo xeracional e promover a posta en valor da artesanía como oficio. Coa categoría Premio Artesanía de Galicia recoñecerase unha peza ou unha colección en función do seu deseño,

porando continuamente artesanos que queiran participar abrindo os seus talleres ao público.

Comentaba que la aplicación Obradoiros Abertos ha sido galardonada en la última edición de los Premios Nacionales de Artesanía, en la que también hemos podido celebrar otro reconocimiento importante para el sector, al trabajo de la artesana Idoia Cuesta.

El trabajo de Idoia Cuesta es un ejemplo de lo que antes hablábamos de la introducción de la innovación en todos los procesos de la artesanía porque ella incorpora nuevos materiales a la cestería y busca nuevos usos y nuevos públicos, tanto en Galicia como fuera. Está realizando un esfuerzo por las nuevas fórmulas de comercialización tanto *online* como a través de ferias internacionales. Idoia Cuesta está revolucionando la cestería tradicional y se está convirtiendo en un referente para el propio sector tanto en lo que se refiere al talento, como a la calidad y la innovación.

Es una satisfacción ver como en cada edición nuestros artesanos se ven reconocidos de una manera o de otra en los Premios Nacionales de Artesanía. Tenemos ganadores y finalistas en todas las ediciones desde su inicio y eso es una señal inequívoca de la alta calidad y el nivel de los artesanos gallegos.

La Consellería de Economía e Industria ha convocado también este año los Premios Artesanía de Galicia.

El objetivo es reconocer la creatividad, la trayectoria y el talento de los artesanos gallegos, impulsar el relevo generacional y promover la puesta en valor de la artesanía como oficio. Con la categoría Premio Artesanía de Galicia se reconocerá una pieza o una colección en función de su diseño, la técnica de elaboración, la incorporación a las tendencias actuales, la innovación, la presentación de la pieza y la innovación en el proceso productivo.

También contamos con el Premio Traxectoria, un galardón honorífico que reconoce el conjunto de la trayectoria de un artesano y en la que el propio sector valora tanto la calidad de la obra como su compromiso con la divulgación del oficio y los valores positivos de la artesanía, puesto que las candidaturas son presentadas por otros talleres o por asociaciones profesionales.

La tercera categoría es la Bolsa Eloy Gesto y permitirá al ganador formarse en un centro de referencia en el ámbito de la artesanía y el diseño. Hemos querido que esta categoría llevase también el nombre de uno de los orfebres más relevantes de la artesanía gallega, que renovó la orfebrería compostelana, a la vez que destacó por su compromiso con el desarrollo y la divulgación del sector,

da técnica de elaboración, da incorporación ás tendencias actuais, da innovación, da presentación da peza e da innovación no proceso produtivo.

Tamén contamos co Premio Traxectoria, un galardón honorífico que reconece o conxunto da traxectoria dun artesán e na que o propio sector valora tanto a calidade da obra coma o seu compromiso coa divulgación do oficio e dos valores positivos da artesanía, posto que as candidaturas son presentadas por outros obradoiros ou por asociacións profesionais.

A terceira categoría é a Bolsa Eloy Gesto e permitiralle ao gañador formarse nun centro de referencia no eido da artesanía e do deseño. Quixemos que esta categoría levase tamén o nome dun dos ourives máis relevantes da artesanía galega, que renovou a ourivería compostelá, ao tempo que destacou polo seu compromiso co desenvolvemento e coa divulgación do sector, así como coa formación de novos artesáns. Precisamente entre finais de 2014 e comezos deste ano, promovimos a exposición “Eloy Gesto. Bosques de prata”, sobre a súa obra máis persoal.

Outro escaparate de visibilización dos oficios artesanais galegos é o Corazón da Artesanía. IV Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia. Por que é tan especial este evento?

O Corazón da Artesanía é unha das nosas actuacións máis importantes no eido da visibilización da artesanía e tamén no apoio á comercialización do produto artesán. É un evento moi completo, que ofrece un concepto de artesanía moi amplo, precisamente no sentido que falabamos antes da relación entre sectores, e realízase nun entorno único, o conxunto histórico-artístico dos Pendellos, un mercado tradicional recuperado e reconvertido nun grande evento onde todo xira arredor da artesanía e da súa posta en valor.

En Agolada hai demostracións de oficios, exposición e venda de pezas artesanais, pero tamén de produtos de alimentación de calidade, en moitos casos tamén ecolóxicos, hai formación especializada para artesáns, música, actividades para nenos e unha cita coa gastronomía da man da iniciativa Artesanía no prato. Unha aposta pola calidade que cada ano atrae a un maior número de público.

Como está a funcionar a marca Artesanía de Galicia?

Artesanía de Galicia é unha marca de referencia que vai máis alá da etiqueta dun produto. A marca evoca a procedencia da peza, a vinculación ás veces cunha tradición e sempre cunha cultura, cun contexto concreto, a elaboración artesanal, minuciosa, dende o comezo ata o final. A marca Artesanía de Galicia vertebra a

así como con la formación de nuevos artesanos. Precisamente entre finales de 2014 y principios de este año, promovimos la exposición “Eloy Gesto. Bosques de prata”, sobre su obra más personal.

Otro escaparate de visibilización de los oficios artesanales gallegos es el Corazón da Artesanía. IV Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia. ¿Por qué es tan especial este evento?

El Corazón da Artesanía es una de nuestras actuaciones más importantes en el ámbito de la visibilización de la artesanía y también en el apoyo a la comercialización del producto artesano. Es un evento muy completo, que ofrece un concepto de artesanía muy amplio, precisamente en el sentido que hablábamos antes de la relación entre sectores, y se realiza en un entorno único, el conjunto histórico-artístico de Os Pendellos, un mercado tradicional recuperado y reconvertido en un gran evento donde todo gira alrededor de la artesanía y de su puesta en valor.

En Agolada hay demostraciones de oficios, exposición y venta de piezas artesanales, pero también de productos de alimentación de calidad, en muchos casos también ecológicos, hay formación especializada para artesanos, música, actividades para niños y una cita con la gastronomía de la mano de la iniciativa Artesanía no prato. Una apuesta por la calidad que cada año atrae a un mayor número de público.

¿Cómo está funcionando la marca Artesanía de Galicia?

Artesanía de Galicia es una marca de referencia que va más allá de la etiqueta de un producto. La marca evoca la procedencia de la pieza, la vinculación a veces con una tradición y siempre con una cultura, un contexto concreto, la elaboración artesanal, minuciosa, desde el principio





promoción e a comercialización do produto artesan galego, é o paraguas baixo o que se presentan pezas dun sector amplo e heteroxéneo, un sinal de identidade e unha garantía de calidade tamén para os consumidores. Nos últimos anos, estamos asistindo a un maior recoñecemento da marca non só no mercado galego senón tamén no estranxeiro, grazas a iniciativas de impulso á comercialización internacional que estamos levando a cabo e que están levando as nosas pezas a diferentes puntos de Europa e mesmo ata Australia. Dende a Xunta estamos a participar cada ano en dúas das feiras europeas de decoración de maior prestixio, Tent London, no Reino Unido, e Formex, en Estocolmo. En setembro deste ano, Artesanía de Galicia estará presente na semana de Galicia da Exposición Universal de Milán 2015. Por outro lado, estamos a impulsar a participación das nosas empresas artesan en feiras internacionais e nacionais, e apoiamos tamén eventos e iniciativas de comercialización e de posta en valor da artesanía, organizadas por entidades públicas e asociacións profesionais.

hasta el final. La marca Artesanía de Galicia vertebrará la promoción y comercialización del producto artesano gallego, es el paraguas bajo el que se presentan piezas de un sector amplio y heterogéneo, una señal de identidad y una garantía de calidad también para los consumidores. En los últimos años, estamos asistiendo a un mayor reconocimiento de la marca no sólo en el mercado gallego sino también en el extranjero, gracias a iniciativas de impulso a la comercialización internacional que estamos llevando a cabo y que están llevando nuestras piezas a diferentes puntos de Europa e incluso hasta Australia. Desde la Xunta participamos cada año en dos de las ferias europeas de decoración de mayor prestigio, Tent London, en el Reino Unido, y Formex, en Estocolmo. En septiembre de este año, Artesanía de Galicia estará presente en la semana de Galicia de la Exposición Universal de Milán 2015. Por otro lado, estamos impulsando la participación de nuestras empresas artesanas en ferias internacionales y nacionales y apoyamos también eventos e iniciativas de comercialización y puesta en valor de la artesanía, organizadas por entidades públicas y asociaciones profesionales.



ARTESANÍA
DE GALICIA



artesianiadegalicia.xunta.es
xunta.es

galicia



XUNTA
DE GALICIA

ARTESANÍA DE GALICIA TRIÚNFA NOS PREMIOS NACIONAIS DE ARTESANÍA 2014

ARTESANÍA DE GALICIA TRIUNFA EN LOS PREMIOS NACIONALES DE ARTESANÍA 2014



A cestería contemporánea con fibras téxtiles elaborada por Idoia Cuesta resulta ganadora do Premio Produto.

A iniciativa Obradoiros Abertos impulsada pola Asociación Galega de Artesáns faise co galardón Promociona para entidades privadas.

La cestería contemporánea con fibras textiles elaborada por Idoia Cuesta resulta ganadora del Premio Produto.

La iniciativa Obradoiros Abertos impulsada por la Asociación Galega de Artesáns se hace con el galardón Promociona para entidades privadas.

O sector artesan galego volve ter unha presenza destacada nos Premios Nacionais de Artesanía convocados polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a través da Escola de Organización Industrial (EOI) e a Fundación Española para la Innovación de la Artesanía (Fundesarte). A artesá Idoia Cuesta e a Asociación Galega de Artesáns foron recoñecidos na última edición destes galardóns.

A colección "Pandeira" da cesteira Idoia Cuesta gañou o Premio Produto, outorgado ao mellor produto ou colección dos últimos dous anos. Está composta por unha serie de cestos xurdidos da cultura tradicional a través da unión da madeira de pradairo, usada nas pandeiretas habituais en Galicia, e dándolles forma de cesto con la. O xurado valorou a súa habilidade de modernizar a tradición cesteira experimentando con materiais e usos que non son propios do oficio, a súa capacidade innovadora e a apertura de novos mercados adaptando pezas tradicionais ás tendencias actuais.

Por outra banda, a Asociación Galega de Artesáns (AGA), fíxose co Premio Promociona para entidades privadas, grazas ao desenvolvemento da aplicación Obradoiros Abertos, que achega información sobre obradoiros artesan que admiten a visita do público ou de puntos de interese relacionados coa artesanía. A aplicación parte da localización do usuario para indicar a ruta para chegar ata el. Esta aplicación foi incluída e ampliada dentro da iniciativa Rutas de Artesanía, impulsada pola Xunta de Galicia. O xurado dos Premios Nacionais de Artesanía valorou a contribución de AGA á posta en valor da artesanía dando visibilidade aos pequenos talleres dispersos na xeografía galega, ademais do potencial de ampliación a nivel nacional.

Como cada ano, dende o comezo destes premios, a Xunta de Galicia, a través da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, impulsa as diferentes candidaturas dos creadores galegos, como unha aposta para dar a coñecer a alta calidade do deseño e da técnica do produto artesan que se está a elaborar hoxe en día en Galicia. O sector artesan galego obtén cada ano un importante recoñecemento nestes galardóns, con once gañadores galegos e unha mención especial nas nove edicións celebradas ata a data, ademais dun total de oito finalistas. Entre os gañadores atópanse o obradoiro de gaitas Seivane (Premio Nacional de Artesanía 2013 e Premio Innova 2006), a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño (Premio Promociona para entidades públicas 2012), o ceramista Otero Regal (Premio Promociona para entidades privadas 2011), o canteiro Ricardo Antelo (Premio Innova 2009), o taller Joyas de la Raspa (Premio Produto 2008) e a Deputación da Coruña (Premio Promociona para entidades públicas 2007).

El sector artesano gallego vuelve a tener una presencia destacada en los Premios Nacionales de Artesanía, convocados por el Ministerio de Industria, Energía y Turismo, a través de la Escuela de Organización Industrial (EOI) y la Fundación Española para la Innovación de la Artesanía (Fundesarte). La artesana Idoia Cuesta y la Asociación Galega de Artesáns fueron reconocidos en la última edición de estos galardones.

La colección "Pandeira" de la cestería contemporánea Idoia Cuesta ha ganado el Premio Producto, otorgado al mejor producto o colección de los últimos dos años. Está compuesta por una serie de cestos surgidos de la cultura tradicional a través de la unión de la madera de arce, usada en las panderetas habituales en Galicia, y dándole forma de cesto con lana. El jurado valoró su habilidad de modernizar la tradición cestería experimentando con materiales y usos que no son propios del oficio, su capacidad innovadora y la apertura de nuevos mercados adaptando piezas tradicionales a las tendencias actuales.

Por otro lado, la Asociación Galega de Artesáns (AGA), se hizo con el Premio Promociona para entidades privadas, gracias al desarrollo de la aplicación Obradoiros Abertos, que acerca información sobre talleres artesanos que admiten la visita del público o de puntos de interés relacionados con la artesanía. La aplicación parte de la localización del usuario para indicar la ruta para llegar hasta él. Esta aplicación ha sido incluida y ampliada dentro de la iniciativa Rutas de Artesanía, impulsada por la Xunta de Galicia. El jurado de los Premios Nacionales de Artesanía valoró la contribución de AGA a la puesta en valor de la artesanía dando visibilidad a los pequeños talleres dispersos en la geografía gallega, además del potencial de ampliación a nivel nacional.

Como cada año, desde el comienzo de estos premios, la Xunta de Galicia, a través de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, impulsa las diferentes candidaturas de los creadores gallegos, como una apuesta para dar a conocer la alta calidad del diseño y la técnica del producto artesano que se elabora hoy en día en Galicia. El sector artesano gallego obtiene cada año un importante reconocimiento en los Premios Nacionales de Artesanía, con once ganadores gallegos y una mención especial en las nueve ediciones celebradas hasta la fecha, además de un total de ocho finalistas. Entre los ganadores de anteriores ediciones se encuentran el taller de gaitas Seivane (Premio Nacional de Artesanía 2013 y Premio Innova 2006), la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño (Premio Promociona para entidades públicas 2012), el ceramista Otero Regal (Premio Promociona para entidades privadas 2011), el cantero Ricardo Antelo (Premio Innova 2009), el taller Joyas de la Raspa (Premio Produto 2008) y la Deputación de A Coruña (Premio Promociona para entidades públicas 2007).



OBRADOIROS ACCESIBLES DENDE O MÓBIL

TALLERES ACCESIBLES DESDE EL MÓVIL

A Asociación Galega de Artesáns vén de recibir o Premio Promociona para Entidades Privadas 2014 pola súa iniciativa Obradoiros Abertos, unha aplicación gratuíta que fomenta o acceso de visitantes a unha serie de obradoiros artesáns abertos ao público por toda Galicia e que conta co apoio da Xunta de Galicia. O galardón supón un recoñecemento ao labor da asociación profesional que alberga a un maior número de artesáns en Galicia e que está a traballar pola promoción e a posta en valor do sector artesán galego dende diferentes ámbitos.

La Asociación Galega de Artesáns acaba de recibir el Premio Promociona para Entidades Privadas 2014 por su iniciativa Obradoiros Abertos, una aplicación gratuita que fomenta el acceso de visitantes a una serie de talleres artesanos abiertos al público por toda Galicia y que cuenta con el apoyo de la Xunta de Galicia. El galardón supone un reconocimiento a la labor de la asociación profesional que alberga a un mayor número de artesanos en Galicia y que trabaja por la promoción y puesta en valor del sector artesano gallego desde diferentes ámbitos.

Obradoiros Abertos identifica a posición do usuario e ofrécelle información sobre os obradoiros artesanais ou puntos de interese relacionados coa artesanía próximos á súa situación xeográfica actual nun radio que se pode determinar na pantalla de preferencias (de 0 a 300 km) e proporciónlle a ruta dende a súa posición ata o punto de destino.

Esta aplicación, dispoñible para Android e IOS foi remodelada e ampliada co apoio da Consellería de Economía e Industria e da Axencia de Turismo de Galicia, a través da creación dos Mapas da Artesanía de Galicia. Tanto nos mapas como na App aparecen os enderezos de 150 obradoiros artesanais abertos ao público, así como información sobre puntos de interese, feiras, museos ou tendas que comercializan produtos da marca Artesanía de Galicia. Cada ficha individual contén unha galería, información de consulta e datos de contacto que o usuario pode engadir á súa axenda. Toda a información está dispoñible en galego, en castelán e en inglés.

A Asociación Galega de Artesáns (AGA) conta cun dilatado historial de accións innovadoras en materia de promoción e desenvolvemento do sector artesán galego. O xurado dos Premios Nacionais de Artesanía 2014 destacou a relevancia da aplicación como unha ferramenta de divulgación e visibilización dun sector tan disperso xeograficamente como é o da artesanía en Galicia.



Obradoiros Abertos identifica la posición del usuario y le ofrece información sobre los talleres artesanales o puntos de interés relacionados con la artesanía, próximos a su situación geográfica actual en un radio que se puede determinar en la pantalla de preferencias (de 0 a 300 km) y proporciona la ruta desde su posición hasta el punto de destino.

Esta aplicación, disponible para Android e IOS ha sido remodelada y ampliada con el apoyo de la Consellería de Economía e Industria y la Axencia de Turismo de Galicia, a través de la creación de los Mapas da Artesanía de Galicia. Tanto en los mapas como en la App aparecen las direcciones de 150 talleres artesanos abiertos al público, así como información sobre puntos de interés, ferias, museos o tiendas que comercializan productos de la marca Artesanía de Galicia. Cada ficha individual contiene una galería, información de consulta y datos de contacto que el usuario puede añadir a su agenda. Toda la información está disponible en gallego, castellano e inglés.

La Asociación Galega de Artesáns (AGA) cuenta con un dilatado historial de acciones innovadoras en materia de promoción y desarrollo del sector artesano gallego. El jurado de los Premios Nacionales de Artesanía 2014 destacó la relevancia de la aplicación como una herramienta de divulgación y visibilización de un sector tan disperso geográficamente como es el de la artesanía en Galicia.



IDOIA CUESTA (RE) CREAR A CESTERÍA

IDOIA CUESTA. (RE) CREAR LA CESTERÍA

O seu traballo pódese definir como tecido en tres dimensións ou tamén como cestería téxtil. Idoia Cuesta empápase destes dous oficios tradicionais para crear pezas únicas e reconecibles dende a perspectiva do deseño contemporáneo, buscando novos usos e pezas sensoriais: “pezas que espertan as ganas de tocar, ulir, morder ou mesmo abrazar”. Coa súa última colección, Pandeira, gañadora do Premio Produto 2014, involucra a tradición musical galega no seu empeño por (re) crear a cestería.

Dende un entorno rural reserva da biosfera, no Concello de Outeiro de Rei (Lugo), e partindo dun fondo coñecemento da tradición cesteira e das técnicas de tecido artesanal, Idoia Cuesta crea as súas pezas de deseño contemporáneo, a través da aplicación de fibras naturais da tradición téxtil como a la, o algodón, o xute ou o cáñamo, con fibras vexetais máis ríxidas coma o vimbio ou a madeira. Explora novos materiais e experimenta con formas e volumes, buscando a peza única e sensorial, que ofrezca novos usos para novos consumidores, sempre dende a perspectiva de trasladar os tecidos planos do

Su trabajo se puede definir como tejido en tres dimensiones o cestería textil. Idoia Cuesta se empapa de estos dos oficios tradicionales para crear piezas únicas y reconocibles desde la perspectiva del diseño contemporáneo, buscando nuevos usos y piezas sensoriales: “piezas que despiertan las ganas de tocar, oler, morder o incluso abrazar”. Con su última colección, Pandeira, ganadora del Premio Producto 2014, involucra la tradición musical gallega en su empeño por (re) crear la cestería.

Desde un entorno rural reserva de la biosfera, en el Concello de Outeiro de Rei (Lugo), y partiendo de un profundo conocimiento de la tradición cestera y las técnicas de tejido artesanal, Idoia Cuesta crea sus piezas de diseño contemporáneo, a través de la aplicación de fibras naturales de la tradición textil como la lana, el algodón, el yute o el cáñamo, con fibras vegetales más ríxidas como el mimbre o la madera, como en el caso de la colección “Pandeira”. Explora nuevos materiales y experimenta con formas y volúmenes, buscando la pieza única y sensorial, que ofrezca nuevos usos para nuevos consumidores, siem-

tear aos tecidos tridimensionais, con volume, que permite a cestería, e de dar un paso máis no deseño da cestería empregando materiais téxtiles que “dulcificuen” a peza final.

Esta busca levou a Idoia Cuesta a traballar con diferentes deseñadores nos eidos da decoración e da moda e desde o ano 2011 colabora coa firma Loewe aplicando o seu traballo á colección Galicia, da que está preparando xa a terceira tempada.

Idoia Cuesta, que xa vira recoñecido o seu traballo cunha Mención Especial nestes galardóns no ano 2011, fíxose co Premio Produto 2014 grazas a unha colección de cestos na que consegue combinar a música tradicional galega, o uso orixinario dos cestos, o agradable tacto do téxtil e o valor estético do deseño contemporáneo.

A base da colección Pandeira son os aros de madeira de pradairo que se empregan para elaborar os instrumentos de percusión máis característicos da música tradicional galega, as pandeiretas, elaborados polo obradoiro Xaneco (Outeiro de Rei), e transfórmaos nas costelas sobre as que tece a la feltrada para construír a peza final, un cesto que funciona como recipiente versátil adaptable a diversos usos en decoración de interiores.



pre desde la perspectiva de trasladar los tejidos planos del telar a los tejidos tridimensionales, con volumen, que permite la cestería, y de dar un paso más en el diseño de la cestería empleando materiales textiles que “dulcificuen” la pieza final.

Esta búsqueda ha llevado a Idoia Cuesta a trabajar con diferentes diseñadores en los ámbitos de la decoración y la moda y desde el año 2011 colabora con la firma Loewe aplicando su trabajo a la colección Galicia, de la que está preparando ya la tercera temporada.

Idoia Cuesta, que ya había visto reconocido su trabajo con una Mención Especial en estos galardones en el año 2011, se hizo con el Premio Producto gracias a una colección de cestos en la que consigue combinar la música tradicional gallega, el uso originario de los cestos, el agradable tacto del textil y el valor estético del diseño contemporáneo.

La base de la colección Pandeira son los aros de madera de arce que se emplean para elaborar los instrumentos de percusión más característicos de la música tradicional gallega, las pandeiretas, elaborados por el taller Xaneco (Outeiro de Rei) y los transforma en las costillas sobre las que teje la lana feltrada para construir la pieza final. El resultado es un cesto que funciona como recipiente versátil adaptable a diversos usos en decoración de interiores.



DÍAS EUROPEOS DA ARTESANÍA A CITA COS OFICIOS

DÍAS EUROPEOS DE LA ARTESANÍA. LA CITA CON LOS OFICIOS

Miguel Bertojo



Unha vez máis, a Consellería de Economía e Industria volveu promover activamente, do 27 ao 29 de abril, a celebración en Galicia dos Días Europeos da Artesanía. Aínda así, esta edición, a cuarta xa, rexistrou sete iniciativas en Vigo e en diferentes localidades da Coruña e de Ourense.

Oficios en acción, a pé de rúa

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello da Coruña, en colaboración coa Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño y coa Asociación Galega de Artesáns, e en sintonía coa súa lenda: “aprende a facer algo novo”, a IV edición de Oficios en Acción congregou a máis de 6.000 persoas, atraídas polo seu programa de introducción práctica a oito disciplinas.

Aínda que a cita estivo marcada polo cambio de localización –os Xardíns de Méndez Núñez (frente ao Kiosco Alfonso), a pé de rúa– e pola súa difusión nas redes sociais, a implicación activa de máis de 1.000 participantes en

Una vez más, la Consellería de Economía e Industria volvió a promover activamente, del 27 al 29 de abril, la celebración en Galicia de los Días Europeos de la Artesanía. Aun así, esta edición, la cuarta ya, registró siete iniciativas en Vigo y en diferentes localidades de A Coruña y Ourense.

Oficios en acción, a pie de calle

Organizada por la Concejalía de Cultura del Ayuntamiento de A Coruña, en colaboración con la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño y la Asociación Galega de Artesáns, y en sintonía con su leyenda: “aprende a hacer algo nuevo”, la IV edición de Oficios en Acción congregó a más de 6.000 personas, atraídas por su programa de introducción práctica a ocho disciplinas.

Aunque la cita estuvo marcada por el cambio de ubicación –los Jardines de Méndez Núñez (frente al Kiosco Alfonso), a pie de calle– y por su difusión en las redes sociales, la implicación activa de más de 1.000 participantes

sesións de ata catro horas volveu deixar patente o interese que esperta.

E non é para menos... con Plata Nativa Orfebres (Sada, A Coruña), tiveron a oportunidade de realizar un obxecto de uso, calando, cicelando, soldando fíos e láminas de cobre; e con Xaneco (Outeiro de Rei, Lugo) puideron concretar unhas clásicas *tarrañolas* ou sinxelos xoguets sonoros a partir de cascas de noz ou de abelás, ou coñecer detalles da construción de zanfonas e doutros instrumentos tradicionais.

Se no seu programa de iniciación á cestería Idoia Cuesta (Outeiro de Rei, Lugo), galardoada co Premio Nacional de Artesanía 2014 na categoría de Produto, trezou un obxecto de uso con todos os inscritos no seu taller. Pola súa parte, o Obradoiro de Tapices Galicia (A Coruña) ofreceu tres opcións de traballo: xoiaría téxtil con micro-macramé, *Kumihimo* (trenzado xaponés) e iniciación ao tapiz 3D.

Cerámica Unzueta (Brión, A Coruña) congregou a case 500 persoas de todas as idades, que tornearon e *retornaron* pezas, e incorporaron máis tarde asas e agarra-oiras. Pola súa parte, a Escuela-Taller Terralume (A Coruña) propúxolles descubrir algunhas claves para elaborar pastas cerámicas mediante a técnica de *neriage*.

Polo Enríquez (Cambre, A Coruña) estableceu un percorrido polos procesos de corte dos vidros máis empregados no oficio: biselados, fundidos, grisallas..., e a súa posterior preparación para chumbado. Por último, Floriforma (Teo, A Coruña), especialista en arte floral, presentou dúas propostas de iniciación a un oficio tan meticuloso como espectacular e agradecido.

Galicia segue sumando

En calquera caso, a provincia da Coruña achegou ao cómputo global outras tres iniciativas: as xornadas de portas abertas promovidas por El Tigre de papel (A Coruña), taller orientado ao desenvolvemento da creatividade e da produción de artigos en cartón pedra e papel; Alfa-



en sesións de hasta catro horas volviu a deixar patente el interese que despierta.

Y no es para menos... con Plata Nativa Orfebres (Sada, A Coruña), tuvieron la oportunidad de realizar un objeto de uso, calando, cincelando, soldando hilos y láminas de cobre; y con Xaneco (Outeiro de Rei, Lugo) pudieron concretar unas clásicas *tarrañolas* o sencillos juguetes sonoros a partir de cáscaras de nuez o avellanas, o conocer detalles de la construcción de zanfoñas y otros instrumentos tradicionales.

Si en su programa de iniciación a la cestería, Idoia Cuesta (Outeiro de Rei, Lugo), galardonada con el Premio Nacional de Artesanía 2014 en la categoría de Produto, trenzó un objeto de uso con todos los inscritos en su taller. Por su parte, el Obradoiro de Tapices Galicia (A Coruña) ofreció tres opciones de trabajo: joyería textil con micro-macramé, *Kumihimo* (trenzado japonés) e iniciación al tapiz 3D.

Cerámica Unzueta (Brión, A Coruña) congregó a casi 500 personas de todas las edades, que tornearon y *retornaron* piezas, e incorporaron máis tarde asas e agarra-deras. Por su parte, la Escuela-Taller Terralume (A Coruña) les propuso descubrir algunas claves para elaborar pastas cerámicas mediante la técnica de *neriage*.

Polo Enríquez (Cambre, A Coruña) estableció un recorrido por los procesos de corte de los vidrios más utilizados en el oficio: biselados, fundidos, grisallas..., y su posterior preparación para emplomado. Por último, Floriforma (Teo, A Coruña), especialista en arte floral, presentó dos propuestas de iniciación a un oficio tan meticuloso como espectacular y agradecido.

Galicia sigue sumando

En cualquier caso, la provincia de A Coruña aportó al cómputo global otras tres iniciativas: las jornadas de puertas abiertas promovidas por El Tigre de papel (A Coruña), taller orientado al desarrollo de la creatividad y la producción de artículos en cartón piedra y papel; Alfarería





rería Aparicio (Buño, Malpica de Bergantiños), con máis de 40 anos de actividade, que amosou o proceso seguido dende a recollida do barro en pedra ata a conclusión das pezas; e Susi Gesto, ourive santiaguesa, que ofreceu a posibilidade engadida de que oito persoas participasen activamente nunha xornada de traballo no seu taller.

A. Outeiriño (Ourense) introduciu os interesados no manexo do tear; dende a preparación do urdido ata o tecido, pasando pola montaxe previa; e familiarizounos cos distintos materiais e fibras. Pola súa parte, Carro Artesanos (Seixalbo, Ourense) abriulles de par en par as portas do seu taller de escenografías, maquetas e complementos.

Como colofón á exposición *Cuero...*, *aunque no lo parezca*, a Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo puxo a guinda ao primeiro dos Días Europeos coa súa Quedada de Amigos del Cuero, que incluíu demostracións de profesionais, alumnos e ex alumnos sobre os diferentes oficios, técnicas e procesos –costura, talla, estampado, texturizado, labrado, tinguido, policromado, metalizado...– co coiro como soporte.

A convocatoria europea toma forma

Sen dúbida, cada nova edición dos Días Europeos da Artesanía, promovidos en España pola Fundación EOI – Fundesarte, aproxímase máis e máis ao seu obxectivo: achegar o público ás artesanías, ao patrimonio e á creación. Aínda así, con 204 iniciativas e unha distribución

Aparicio (Buño, Malpica de Bergantiños), con máis de 40 anos de actividade, que mostrou el proceso seguido desde la recogida del barro en piedra hasta la conclusión de las piezas; y Susi Gesto, orfebre santiaguesa, que ofreció la posibilidad añadida de que ocho personas participasen activamente en una jornada de trabajo en su taller.

A. Outeiriño (Ourense) introdujo a los interesados en el manejo del telar: desde la preparación de una urdimbre al tejido, pasando por el montaje previo; y los familiarizó con los distintos materiales y fibras. Por su parte, Carro Artesanos (Seixalbo, Ourense) les abrió de par en par las puertas de su taller de escenografías, maquetas y complementos.

Como colofón a la exposición *Cuero...*, *aunque no lo parezca*, la Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo puso la guinda al primero de los Días Europeos con su Quedada de Amigos del Cuero, que incluyó demostraciones de profesionales, alumnos y ex alumnos sobre los diferentes oficios, técnicas y procesos –costura, talla, estampado, texturizado, labrado, teñido, policromado, metalizado...– con el cuero como soporte.

La convocatoria europea toma forma

Sin duda, cada nueva edición de los Días Europeos de la Artesanía, promovidos en España por la Fundación EOI – Fundesarte, se aproxima más y más a su objetivo: acercar al público a las artesanías, el patrimonio y la creación.



desigual, España aproximouse ao rexistro da edición precedente: Andalucía, 73; Aragón, 3; Asturias, 3; Baleares, 5; Canarias, 3; Cantabria, 3; Castilla-La Mancha, 3; Castilla y León, 28; Cataluña, 2; La Rioja, 5; Extremadura, 3; Galicia, 7; Madrid, 40; Murcia, 10; Navarra, 1; País Vasco, 2; e Valencia, 13.

Ademais de Francia e España, promotoras da iniciativa, este ano convocaron tamén nos seus respectivos territorios: Alemania (Berlín e Dresde), Austria (Viena), Bélxica (Lieja), Bulgaria, Hungría, Italia (Milán e Toscana), Letonia, Lituania (Vilna), Luxemburgo, Portugal (Azores, Coímbra e Lisboa), Rumanía e Suíza (Xenebra, Vaud e Jura).

Aun así, con 204 iniciativas y una distribución desigual, España se aproximó al registro de la edición precedente: Andalucía, 73; Aragón, 3; Asturias, 3; Baleares, 5; Canarias, 3; Cantabria, 3; Castilla-La Mancha, 3; Castilla y León, 28; Cataluña, 2; La Rioja, 5; Extremadura, 3; Galicia, 7; Madrid, 40; Murcia, 10; Navarra, 1; País Vasco, 2; y Valencia, 13.

Además de Francia y España, promotoras de la iniciativa, este año convocaron también en sus respectivos territorios: Alemania (Berlín y Dresde), Austria (Viena), Bélgica (Lieja), Bulgaria, Hungría, Italia (Milán y Toscana), Letonia, Lituania (Vilna), Luxemburgo, Portugal (Azores, Coímbra y Lisboa), Rumanía y Suiza (Ginebra, Vaud y Jura).





NANO UNZUETA OLERÍA CONTEMPORÁNEA

NANO UNZUETA, ALFARERÍA CONTEMPORÁNEA

“O barro que hai aquí é increíble e isto fai que Galicia sexa o sitio ideal para que traballen os ceramistas”

“El barro que hay aquí es increíble y esto hace que Galicia sea el sitio ideal para que trabajen los ceramistas”

Describe o seu traballo como olería contemporánea, posto que se centra en elaborar pezas utilitarias sen enmarcarse dentro de ningunha tradición oleira, pero o que mellor define a Nano Unzueta é un concepto de artesanía no sentido máis amplo da palabra. Todo no seu taller é persoal, único e elaborado por el. As pezas pero tamén os esmaltes, que investiga de forma continuada, e mesmo o forno. Un coñecemento que transmite tanto nas súas clases como a través da súa páxina web a todo aquel que estea interesado na súa cerámica.

Chegou a Galicia dende Eibar no ano 1980 con intención de aprender dos oleiros tradicionais e dende aquela dedica a súa vida ao seu taller de cerámica artesanal. Despois de formarse en Buño, con Aparicio Añón, creou o taller Cerámica Unzueta en Carnota, que máis tarde trasladaría ata a súa localización actual no Concello de Brión (A Coruña). Nano Unzueta completou a súa formación en grande parte de maneira autodidacta grazas ao seu interese pola investigación en canto á preparación dos barros e dos esmaltes, que el mesmo elabora e nos que vai incorporando cinzas, procedentes en moitas ocasións de especies autóctonas.

Describe su trabajo como alfarería contemporánea, puesto que se centra en elaborar piezas utilitarias sin enmarcarse dentro de ninguna tradición alfarera, pero lo que mejor define a Nano Unzueta es un concepto de artesanía en el sentido más amplio de la palabra. Todo en su taller es personal, único y elaborado por el. Las piezas pero también los esmaltes, que investiga de forma continuada, e incluso el horno. Un conocimiento que transmite tanto en sus clases como a través de su página web a todo aquel que esté interesado en su cerámica.

Llegó a Galicia desde Eibar en el año 1980 con intención de aprender de los alfareros tradicionales y desde ese momento dedica su vida a su taller de cerámica artesanal. Después de formarse en Buño, con Aparicio Añón, creó el taller Cerámica Unzueta en Carnota, que más tarde trasladaría hasta su localización actual en el Concello de Brión (A Coruña). Nano Unzueta completó su formación en gran parte de manera autodidacta gracias a su interés por la investigación en cuanto a la preparación de los barros y los esmaltes, que él mismo elabora y en los que va incorporando cenizas, procedentes en muchas ocasiones de especies autóctonas.





“O barro que hai aquí é increíble e isto fai que Galicia sexa o sitio ideal para que traballen os ceramistas”, asegura Unzueta ao tempo que apunta unha carencia no eido da comercialización do barro, da preparación e do embolsado. “Pero Galicia está chea de barro, vese na toponimia, está chea de Barreiras, Barreiros, Telleiras... aquí hai arxila por todos os lados”.

Neste afán pola aprendizaxe e por levar o concepto de artesanía a todos os recantos do seu taller, Nano aprendeu tamén a construír os seus propios fornos, no que tivo moito que ver a súa experiencia en Nova Zelanda co ceramista Barry Brickell, onde puido viaxar cunha bolsa da Xunta de Galicia. “Daquela moitos ceramistas marchaban a Florencia pero eu estaba a buscar outro tipo de formación, estaba moi interesado en aprender a elaborar pastas e no deseño e construción de fornos e a estancia con este artesán foi moi enriquecedora”, explica.

E toda a enerxía que inviste na súa aprendizaxe é proporcional á que dedica á formación de afeccionados e, moi especialmente, á de novos ceramistas. Máis alá da seguranza económica que lle ofrece a formación, Unzueta asegura que dar cursos a persoas xa iniciadas supón unha experiencia moi gratificante, posto que os alumnos teñen un interese maior e poden afondar máis nas cuestións. Co mesmo obxectivo didáctico, creou a súa páxina

“El barro que hay aquí es increíble y esto hace que Galicia sea el sitio ideal para que trabajen los ceramistas”, asegura Unzueta a la vez que apunta una carencia en el ámbito de la comercialización del barro, la preparación y el embolsado. “Pero Galicia está llena de barro, se ve en la toponimia, está llena de Barreiras, Barreiros, Telleiras... aquí hay arcilla por todos lados”.

En este afán por el aprendizaje y llevar el concepto de artesanía a todos los rincones de su taller, Nano aprendió también a construir sus propios hornos, en lo que tuvo mucho que ver su experiencia en Nova Zelanda con el ceramista Barry Brickell, a donde pudo viajar con una beca de la Xunta de Galicia. “En aquel momento muchos ceramistas se iban a Florencia pero yo estaba buscando otro tipo de formación, estaba muy interesado en aprender a elaborar pastas y en el diseño y construcción de hornos y la estancia con este artesano fue muy enriquecedora”, explica.

Y toda la energía que invierte en su aprendizaje es proporcional a la que dedica a la formación de aficionados y, muy especialmente, a la de nuevos ceramistas. Más allá de la seguridad económica que le ofrece la formación, Unzueta asegura que dar cursos a personas ya iniciadas supone una experiencia muy gratificante, puesto que los alumnos tienen un interés mayor y pueden profundizar más en las cuestiones. Con el mismo objetivo didác-



web, www.unzuetaceramica.com, máis centrada en ofrecer información sobre as súas investigacións en canto a esmaltes, cinzas ou deseño de fornos, que á mera exposición do seu catálogo de pezas. "O interesante da miña web, o que lle pode servir a outros profesionais é este tipo de información e a información hai que compartila, non ten sentido gardarse nada. Ademais, cando eu o necesitei sempre houbo xente para me axudar e agora tamén me corresponde a min facer o mesmo".

Nano Unzueta defínese como un oleiro contemporáneo, unha denominación que fai referencia por unha banda á función das súas pezas utilitarias, que se corresponde coa que noutra época desempeñaba a olería tradicional e, pola outra, á súa achega persoal dende unha perspectiva contemporánea. "Aquí existe diferenza entre cerámica e olería. Parece que a olería é a que está máis ligada ao tradicional, mentres que a cerámica se relaciona coas pezas que facemos os artesáns que traballamos con outro tipo de formas e de esmaltes. Pero é contradictorio que se nos chame ceramistas aos que estamos a ter agora o papel que tivo no seu día a olería tradicional. Agora nós somos os que facemos pezas para usar na vida diaria, mentres que as pezas máis tradicionais se están destinando sobre todo á decoración", explica o artesán que admite que en España aínda non hai moito costume de empregar a cerámica para o día a día.

tico, creó su página web, <http://www.unzuetaceramica.com/>, máis centrada en ofrecer información sobre sus investigaciones en cuanto a sus investigaciones en cuanto a esmaltes, cenizas o diseño de hornos, que a la mera exposición de su catálogo de piezas. "Lo interesante de mi web, lo que puede aportar a otros profesionales es este tipo de información y la información hay que compartirla, no tiene sentido guardarse nada. Además, cuando yo lo necesité siempre hubo gente para ayudarme y ahora también me corresponde a mí hacer lo mismo".

Nano Unzueta se define como un alfarero contemporáneo, una denominación que hace referencia por un lado a la función de sus piezas utilitarias, que se corresponde con la que en otra época desempeñaba la alfarería tradicional y, por otro, a su aportación personal desde una perspectiva contemporánea. "Aquí existe diferencia entre cerámica y alfarería. Parece que la alfarería es la que está más ligada a lo tradicional, mientras que la cerámica se relaciona con las piezas que hacemos los artesanos que trabajamos con otro tipo de formas y esmaltes. Pero es contradictorio que se nos llame ceramistas a los que ahora tenemos el papel que tuvo en su día la alfarería tradicional. Ahora nosotros somos los que hacemos piezas para usar en la vida diaria, mientras que las piezas más tradicionales se están destinando sobre todo a la decoración", explica el artesano que admite que en España to-

Unzueta comercializa as súas pezas nas diferentes feiras especializadas en cerámica nas que participa por todo o territorio español, recibe visitantes no seu taller de Brión e, dende hai uns anos, está a distribuír tamén no estranxeiro, grazas á participación das súas pezas na colección que Artesanía de Galicia leva ás feiras de decoración Tent London, no Reino Unido, e Formex, en Suecia. “Sempre souben que a grande parte do meu público estaba moi lonxe e con estes últimos pedidos estouno corroborando”, explica o artesán, lembrando as pezas que acaba de enviar a Australia.

Cando pensa nos próximos proxectos ten claro que lle gustaría centrarse un pouco máis na súa sección de peza única, á que lle está restando tempo debido ao apuro dos últimos pedidos, e para a que ten previsto elaborar tamén un pequeno forno de probas. “É moi interesante poder amosar este tipo de obra como complemento mesmo para a cerámica utilitaria, porque así o público pode ter unha idea global do meu traballo”, explica. Pero a alma do artesán, oleiro ou ceramista, abrolla coa súa última frase. “Seguir tamén é un proxecto marabilloso”, di cun amplo sorriso e coa ilusión de quen dedica a súa vida ao que lle apaixona.

**“O interesante da miña web,
o que lle pode servir a outros
profesionais é este tipo de
información e a información hai
que compartila, non ten sentido
gardarse nada”**

.....
Nano Unzueta. Cerámica
Rúa Gondar, 8, Lamiño. Brión (A Coruña)
Tel. 687 765 337
taller@unzuetaceramica.com
www.unzuetaceramica.com
Carta de artesán / Carta de artesano n° 382
Obradoiro artesán / Taller artesano n° 87





“Lo interesante de mi web, lo que puede aportar a otros profesionales es este tipo de información y la información hay que compartirla, no tiene sentido guardarse nada”

davía no hay mucho hábito de emplear la cerámica para el día a día.

Unzueta comercializa sus piezas en las diferentes ferias especializadas en cerámica en las que participa por todo el territorio español, recibe visitantes en su taller de Brión y, desde hace unos años, está distribuyendo también en el extranjero, gracias a la participación de sus piezas en la colección que Artesanía de Galicia lleva a las ferias de decoración Tent London, en el Reino Unido, y Formex, en Suecia. “Siempre he sabido que la gran parte de mi público estaba muy lejos y con estos últimos pedidos lo estoy corroborando”, explica el artesano, recordando las piezas que acaba de enviar a Australia.

Cuando piensa en los próximos proyectos tiene claro que le gustaría centrarse un poco más en su sección de pieza única, a la que está restando tiempo debido a la premura de los últimos pedidos, y para lo que tiene previsto elaborar también un pequeño horno de pruebas. “Es muy interesante poder mostrar este tipo de obra como complemento incluso para la cerámica utilitaria, porque así el público puede tener una idea global de mi trabajo”, explica. Pero el alma del artesano, alfarero o ceramista, aflora en su última frase: “Seguir también es un proyecto maravilloso”, dice con una amplia sonrisa y la ilusión de quien dedica su vida a lo que le apasiona.

ZUME NOVO EN ARTESANÍA DE GALICIA

SAVIA NUEVA EN ARTESANÍA DE GALICIA

Artesanía de Galicia está a medrar ao ritmo que se desenvolve o sector artesán galego e se enriquece coa chegada de novos creadores. Novas perspectivas de profesionais que unhas veces recollen o legado de oficios tradicionais e outras ofrecen propostas innovadoras que sorprenden o cliente e mesmo lle tiran un sorriso: pezas de arqueoloxía en materiais téxtiles, papiroflexia para transmitir unha filosofía de vida en positivo, cerámica elaborada en torno, roupa e complementos para bebés, marroquinería e estampaxe, entre outros.

Con moito que aprender da experiencia dos artesáns máis veteranos do Rexistro, a maioría dominan as novas tecnoloxías e entenden a comunicación como unha ferramenta fundamental para chegar ao cliente. Os últimos talleres inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía son contadores de historias cunha voz propia que está a irromper con forza no sector artesán galego. Novo talento que atopa no sector un espazo de desenvolvemento profesional e creativo e que ve na marca Artesanía de Galicia un sinal que os identifica e unha plataforma para a cooperación e a aprendizaxe mutua.

Precisamente co obxectivo de impulsar este novo talento e as iniciativas emprendedoras no sector artesán galego e a súa posta en valor, a Xunta de Galicia promove a iniciativa "Facemos marca. Medrando cos artesáns" dirixida a fomentar a incorporación de novos profesionais ao sector artesán galego.

O proxecto, que conta coa implicación do sector artesán galego, iniciouse no mes de marzo na EASD Mestre Mateo, en Santiago de Compostela, onde se contou coa colaboración da zoqueira de Vila de Cruces Elena Ferro, que lle falou aos estudantes da súa traxectoria. As xornadas continuaron no mes de maio na Pablo Picasso da Coruña e está previsto tamén que se realicen na Antonio Faílde de Ourense e na Ramón Falcón de Lugo. Nestas xornadas difúndense os beneficios vinculados á obtención da carta de artesán, divúlganse os oficios artesanais e a marca Artesanía de Galicia, e complementáanse con cursos formativos en diversas técnicas artesanais, onde os estudantes poden establecer contacto directo cos artesáns profesionais.

Artesanía de Galicia está crescendo al ritmo que se desarrolla el sector artesano gallego y se enriquece con la llegada de nuevos creadores. Nuevas perspectivas de profesionales que unas veces recogen el legado de oficios tradicionales y otras ofrecen propuestas innovadoras que sorprenden al cliente e incluso le sacan una sonrisa: piezas de arqueología en materiales textiles, papiroflexia para transmitir una filosofía de vida en positivo, cerámica elaborada en torno, ropa y complementos para bebés, marroquinería y estampado, entre otros.

Con mucho que aprender de la experiencia de los artesanos más veteranos del Rexistro, la mayoría dominan las nuevas tecnologías y entienden la comunicación como una herramienta fundamental para llegar al cliente. Los últimos talleres inscritos en el Rexistro Xeral de Artesanía son contadores de historias con una voz propia que está irrumpiendo con fuerza en el sector artesano gallego. Nuevo talento que encuentra en el sector un espacio de desarrollo profesional y creativo y que ven en la marca Artesanía de Galicia una señal que los identifica y una plataforma para la cooperación y el aprendizaje mutuo.

Precisamente con el objetivo de impulsar este nuevo talento y las iniciativas emprendedoras en el sector artesano gallego y su puesta en valor, la Xunta de Galicia promueve la iniciativa "Facemos marca. Medrando cos artesáns" dirixida a fomentar la incorporación nuevos profesionales al sector artesano gallego.

El proyecto, que cuenta con la implicación del sector artesano gallego, se inició en el mes de marzo en la EASD Mestre Mateo, en Santiago de Compostela, donde se contó con la colaboración de la zoqueira de Vila de Cruces Elena Ferro, que habló a los estudiantes de su trayectoria. Las jornadas continuaron en el mes de mayo en la Pablo Picasso de A Coruña y está previsto también que se realicen en la Antonio Faílde de Ourense y la Ramón Falcón de Lugo. En estas jornadas se difunden los beneficios vinculados a la obtención de la carta de artesano, se divulgan los oficios artesanales y la marca Artesanía de Galicia, y se complementan con cursos formativos en diversas técnicas artesanales, donde los estudiantes pueden establecer contacto directo con los artesanos profesionales.



FACEMOS MARCA
MEDRANDO COS ARTESÁNS



LEROLE, LEVAR A ARQUEOLOXÍA AO TÉXTIL

LEROLE, LLEVAR LA ARQUEOLOGÍA AL TEXTIL

Cando se fala de artesanía e arqueoloxía a imaxe máis habitual adoita ser pezas de cerámica ou de metal. Lerole dá un paso máis alá e introduce o téxtil como forma de expresión principal para crear pezas que reinterpretan o patrimonio arqueolóxico galego en tres dimensións e dende unha perspectiva didáctica e lúdica.

Lerole: puntadas na pedra é un proxecto iniciado por dúas arqueólogas e unha restauradora, María Méndez, María Martín e Aldara Rico, que decidiron unir os seus esforzos para aproveitar o noso patrimonio arqueolóxico e facelo accesible a todo tipo de público. Para isto reinterpretan petróglifos, cerámica ou pezas de metal e convértenos en pezas únicas, con volume, combinando texturas e cores e traballando con materiais de calidade como teas de algodón, feltro de la ou madeira.

Cuando se habla de artesanía y arqueología la imagen más habitual suele ser piezas de cerámica o metal. Lerole da un paso más allá e introduce el textil como forma de expresión principal para crear piezas que reinterpretan el patrimonio arqueológico gallego en tres dimensiones y desde una perspectiva didáctica y lúdica.

Lerole: puntadas na pedra es un proyecto iniciado por dos arqueólogas y una restauradora, María Méndez, María Martín y Aldara Rico, que han decidido unir sus esfuerzos para aprovechar nuestro patrimonio arqueológico y hacerlo accesible a todo tipo de público. Para esto reinterpretan petroglifos, cerámica o piezas de metal y los convierten en piezas únicas, con volumen, combinando texturas y colores y trabajando con materiales de calidad como telas de algodón, fieltro de lana o madera.

“Aínda que a representación artesanal de motivos arqueolóxicos é relativamente habitual, a nosa achega consiste na interpretación desas figuras como arqueólogas, elaborando propostas para a súa representación”, explica Aldara Rico. As artesás seleccionan os motivos e posteriormente dos soportes (feltro, tea ou madeira), volumes e cores. O resultado son pezas únicas feitas en material de calidade que permiten “un achegamento didáctico, divertido e de proximidade cara ao noso patrimonio arqueolóxico”. O proxecto complementábase cun labor de divulgación da arte rupestre, posto que a peza se acompaña con información detallada sobre o motivo ou a peza representada.

Lerole: puntadas na pedra é un taller inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía dende o ano 2014. “Obter o carné de artesás e posteriormente entrar a formar parte de Artesanía de Galicia supuxo para nós un recoñecemento do labor que estabamos a facer e un motivo para continuar traballando e experimentando con novos motivos e materiais, tecendo novas experiencias”, explica Aldara.

o.....

Lerole, puntadas na pedra
Avda. Salamanca, 4, 4º B
Santiago de Compostela (A Coruña)
Tel. 653 222 084
aldara.rico@gmail.com
Carta de artesán / Carta de artesano nº 4373
Obradoiro artesán / Taller artesano nº 919



“Aunque la representación artesanal de motivos arqueológicos es relativamente habitual, nuestra aportación consiste en la interpretación de esas figuras como arqueólogas, elaborando propuestas para su representación”, explica Aldara Rico. Las artesanas seleccionan los motivos y posteriormente de los soportes (fieltro, tela o madera), volúmenes y colores. El resultado son piezas únicas hechas en material de calidad que permiten “un acercamiento didáctico, divertido y de proximidad hacia nuestro patrimonio arqueológico”. El proyecto se complementa con una labor de divulgación del arte rupestre, puesto que la pieza se acompaña con información detallada sobre el motivo o la pieza representada.

Lerole: puntadas na pedra es un taller inscrito en el Registro Xeral de Artesanía desde el año 2014. “Obtener el carné de artesanas y posteriormente entrar a formar parte de Artesanía de Galicia ha supuesto para nosotras un reconocimiento de la labor que estábamos haciendo y un motivo para continuar trabajando y experimentando con nuevos motivos y materiales, tejiendo nuevas experiencias”, explica Aldara.





MIMADRIÑA, COMO CAMBIAR O MUNDO CON BARQUIÑOS DE PAPEL

MIMADRIÑA, COMO CAMBIAR EL
MUNDO CON BARQUITOS DE PAPEL

As figuras de papel son as que a vinculan á artesanía pero Mimadriña é para Palmira Castro un proxecto máis amplo, unha iniciativa para comunicar historias a partir da papiroflexia, tanto das pezas finais coma do proceso, un proxecto para ensinar, para aprender, para motivar as persoas e transformar o mundo.

Dende o Sardiñeiro, na Costa da Morte, Palmira Castro ofrece unha proposta creativa na que a artesanía, a educación e a acción social se interrelacionan cun único obxectivo: comunicar historias dende unha perspectiva lúdica. Palmira comeza co proxecto Mimadriña como un blog no que contar a súa experiencia de creación de cadros de origami, a súa inspiración e a súa visión do mundo. Dende aquela leva case 3 anos contagiando maiores e pequenos deste positivismo creativo. "A ilusión favorece o sorriso. O sorriso favorécete", así remata o Manifesto Mimadriña, unha filosofía de vida en positivo que anima ao resto do mundo a facer o que a un lle gusta, a pensar e actuar libremente, a aprender o máximo, a construír, a crear.

Las figuras de papel son las que la vinculan a la artesanía pero Mimadriña es para Palmira Castro un proyecto más amplio, una iniciativa para comunicar historias a partir de la papiroflexia, tanto de las piezas finales como del proceso, un proyecto para enseñar, para aprender, para motivar a las personas y transformar el mundo.

Desde Sardiñeiro, en la Costa da Morte, Palmira Castro ofrece una propuesta creativa en la que la artesanía, la educación y la acción social se interrelacionan con un único objetivo: comunicar historias desde una perspectiva lúdica. Palmira comienza con el proyecto Mimadriña como un blog en el que contar su experiencia de creación de cuadros de origami, su inspiración y su visión del mundo. Desde entonces lleva casi 3 años contagiando a mayores y pequeños de este positivismo creativo. "La ilusión favorece la sonrisa. La sonrisa te favorece", así termina el Manifesto Mimadriña, una filosofía de vida en positivo que anima al resto del mundo a hacer lo que a uno le gusta, a pensar y actuar libremente, a aprender lo máximo, a construir, a crear.

O manifesto, xunto cos cadros e outros produtos de origami, forman parte da súa obra plástica que está á venda na súa tenda online. Ademais de elaborar estas pezas, Palmira dedica boa parte do seu tempo a proxectos educativos (campamentos urbanos, proxectos de normalización lingüística ou de alfabetización dixital) e obradoiros creativos, dirixidos principalmente ao público infantil, nos que trata de abordar a educación social dende unha perspectiva artística, creativa e asentada no territorio. Asegura que aprende e ensina a partes iguais e insiste en que non existe diferenza ningunha entre o que poderían parecer dúas liñas de negocio, posto que tanto na creación da súa obra como no seu traballo no ámbito educativo a motivación é a mesma: narrar unha historia.

O proxecto Mimadriña forma parte de Artesanía de Galicia dende este mesmo ano. “Moita xente me dicía que eu era máis artista pero eu creo que o meu perfil encaixa máis na artesanía, porque os artesáns tamén comunicamos coas nosas pezas”, explica Palmira dende o seu obradoiro de Fisterra. “Artesanía de Galicia é xusto o lugar onde teño que estar, onde debemos estar todos os artesáns, aprendendo os uns dos outros, e aproveitando a visibilidade que nos dá a marca”, sinala.

El manifesto, junto con los cuadros y otros productos de origami, forman parte de su obra plástica que está a la venta en su tienda online. Además de elaborar estas piezas, Palmira dedica gran parte de su tiempo a proyectos educativos (campamentos urbanos, proyectos de normalización lingüística o de alfabetización digital) y talleres creativos, dirigidos principalmente al público infantil, en los que trata de abordar la educación social desde una perspectiva artística, creativa y asentada en el territorio. Asegura que aprende y enseña a partes iguales e insiste en que no existe diferencia alguna entre lo que podrían parecer dos líneas de negocio, puesto que tanto en la creación de su obra como en su trabajo en el ámbito educativo la motivación es la misma: narrar una historia.

El proyecto Mimadriña forma parte de Artesanía de Galicia desde este mismo año. “Mucha gente me decía que yo era más artista pero yo creo que mi perfil encaja más en la artesanía, porque los artesanos también comunicamos con nuestras piezas”, explica Palmira desde su taller de Fisterra. “Artesanía de Galicia es justo el lugar en el que tengo que estar, donde debemos estar todos los artesanos, aprendiendo unos de otros, y aprovechando la visibilidad que nos da la marca”, señala.



.....

Mimadriña
Avda. Coruña, 38, 1º.Fisterra (A Coruña)
Tel. 647 773 652
palmira@mimadrinha.com
www.mimadrinha.com
Carta de artesán / Carta de artesano nº 4649
Obradoiro artesán / Taller artesano nº 915

ARTESANÍA DE GALICIA NUN CLICK

ARTESANÍA DE GALICIA EN UN CLICK

O produto artesan galego súmase á tendencia da comercialización electrónica e moitos dos obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía teñen dispoñible o servizo de tenda online, algúns deles grazas ás recentes ordes de axuda para a **Modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retallista e artesanal galego**, impulsadas pola Dirección Xeral de Comercio no ano 2014.

El producto artesano gallego se suma a la tendencia de la comercialización electrónica y muchos de los talleres inscritos en el Rexistro Xeral de Artesanía disponen del servicio de tienda online. Algunos de ellos gracias a las recientes órdenes de ayuda para la **Modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retallista e artesanal galego**, impulsadas por la Dirección Xeral de Comercio en el año 2014.

Al Joyas de autor
www.aijoyasdeautor.com

Anna Champeney
annachampeney.com

A. Outeiriño
www.emprendedorasgalicia.es/ecommerce/tecidoartesan/gl/

Ardentia
www.ardentia.es

Artesanía Ferradáns
www.articulosdemadera.com

Cabuxa
www.cabuxa.com

Cavalinho do demo
www.cavalinhoart.com

Códice
www.codize.com

Asteleiros Triñanes
asteleirostrinanes.com

Belén Soto
www.latiendadebelen.es

Coiro Enxebre
www.coiroenxebre.es

Crisol
www.tallerdejoyeriacrisol.com

Cristalería El Reflejo
www.elreflejo.com

Elena Ferro
www.elenaferro.com

Fernando Porto
www.fernandoporto.com

Galiestampa
irenesilva.net

Hermanos Gómez
www.hermanosgomez.com

Idoia Cuesta
www.idoiacuesta.com

Joyas de papel
www.joyasdepapel.com

Le chanelas
lechanelas.tictail.com

Lucía Catuxo
luciacatuxo.com

Marta Armada
www.martaarmada.com

Maysil
www.maysil.com

Media lúa
medialua.es

Mimadriña
mimadrinha.bigcartel.com

Nacho Porto
www.nachoporto.com

O escaparate
www.oescaparate.es

Olería Aparicio
www.alfareriaaparicio.es

Óscar Rodríguez
oscar-rodriguez.com

Paca Peca
www.pacapeca.com/shop/

Regal cerámica
www.oteroregal.com

Rir&Co
www.emprendedorasgalicia.es/ecommerce/rirandco

Rosa Isabel Rodríguez Vidal
www.emprendedorasgalicia.es/ecommerce/illadaestrela/gl/

Santín
www.santincuero.com

Seivane
www.seivane.es

Taller Taxus
www.taller-taxus.com

Varo Caride
www.varocaride.com

Xaneco
www.xaneco.com



Cabuxa



Joyas de papel



Seivane



Cavalinho do demo



Marta Armada



Lucía Catuxo



Regal cerámica



Xaneco



A. Outeiriño



Media lúa



Al Joyas de autor



Galiestampa



Varo Caride



Coiro Enxebre



Rir&Co

Le chanelas



Ardentia



Cristalería El Reflejo



ESTILO ARAMAR ARTESANÍA PERSONALIZADA

As creacións de Viviana Araújo son un clásico para a cidade de Pontevedra e a súa tenda Estilo Aramar, aberta hai agora cinco anos, converteuse en parada obrigatoria para os apaixonados da elegancia artesanal. Dende tocados para vodas, sombreiros, complementos de moda e artigos de arte con plumas, Estilo Aramar é un espazo pensado para aqueles que buscan exclusividade e pode presumir de realizar todo o proceso artesanal dende o principio.

A historia de Estilo Aramar está ligada a un relato de tradición familiar, unha desas historias onde os fillos reciben dos pais o legado dun negocio aberto con cariño e, sobre todo, moita dedicación. “A primeira tenda abriuna miña nai, era a clásica tenda de toda a vida na que se vendía de todo, vendimos droguería, flores secas, artesanía, regalos... o que se vendía antigamente”. Tras estudar estética en París, Viviana volve a España en 1986 cargada de ideas e de desexos de innovación; entón decide engadir unha liña de perfumería e pouco a pouco vai incorporando artigos para voda, complementos e pezas de artesanía que ela mesma diseña e confecciona.

Las creaciones de Viviana Araújo son un clásico para la ciudad de Pontevedra y su tienda Estilo Aramar, abierta hace ahora cinco años, se ha convertido en parada obligatoria para los apasionados de la elegancia artesanal. Desde tocados para bodas, sombreros, complementos de moda y artículos de arte plumario, Estilo Aramar es un espacio pensado para quienes buscan exclusividad y puede presumir de realizar todo el proceso artesanal desde el principio.

La historia de Estilo Aramar está ligada a un relato de tradición familiar, una de esas historias donde los hijos reciben de los padres el legado de un negocio abierto con cariño y, sobre todo, mucha dedicación. “La primera tienda la abrió mi madre, era la clásica tienda de toda la vida en la que se vendía de todo, vendimos droguería, flores secas, artesanía, regalos... lo que se vendía antiguamente”. Tras estudiar estética en París, Viviana vuelve a España en 1986 cargada de ideas y deseos de innovación; entonces decide añadir una línea de perfumería y poco a poco va incorporando artículos para boda, complementos y piezas de artesanía que ella misma diseña y confecciona.

O interese por explorar novos retos e involucrarse en proxectos diferentes leva a Viviana a iniciar unha nova etapa, lanzando unha colección de turbantes enfocada a ofrecer unha solución confortable e elegante a persoas en tratamento de quimioterapia. Tras a enorme aceptación social do produto e o éxito de vendas, Viviana decide abrir o seu segundo local: Estilo Aramar, unha tenda-taller situada no centro da cidade dedicada exclusivamente á venda de artigos de artesanía. Ademais de servir como escaparate de visibilidade a outra xente do sector, isto permítelle facer máis atractiva a tenda e cambiar a súa oferta con maior frecuencia. Aínda que a demanda vai variando en función da época do ano, entre os seus produtos estrela destaca a liña de turbantes e os artigos de voda, solicitados por noivas, madriñas ou convidadas de todas as idades. Outro dato que sorprende é o perfil de cliente que adoita acudir á súa tenda: “ves que hai moita xente concienciada co produto artesanal, e iso nótalo máis nun rango de idade dende os vinte aos corenta anos”. Pero a experiencia e o dominio do oficio achegárona a consumidores de todo tipo, que acoden dende diferentes puntos da xeografía ou encargan os seus servizos a distancia. “Facemos calquera tipo de peza en calquera tipo de material, atinximos un abano moi grande de oficios que nos permite xuntar todas as técnicas nunha mesma peza”.

El interés por explorar nuevos retos e involucrarse en proyectos diferentes lleva a Viviana a iniciar una nueva etapa, lanzando una colección de turbantes enfocada a ofrecer una solución confortable y elegante a personas en tratamiento de quimioterapia. Tras la enorme aceptación social del producto y el éxito de ventas, Viviana decide abrir su segundo local: Estilo Aramar, una tienda-taller situada en el centro de la ciudad dedicada exclusivamente a la venta de artículos de artesanía. Además de servir como escaparate de visibilidad a otra gente del sector, esto le permite hacer más atractiva la tienda y cambiar su oferta con mayor frecuencia. Aunque la demanda va variando en función de la época del año, entre sus productos estrella destaca la línea de turbantes y los artículos de boda, solicitados por novias, madrinas o invitadas de todas las edades. Otro dato que sorprende es el perfil de cliente que suele acudir a su tienda: “ves que hay mucha gente concienciada con el producto artesanal, y eso lo notas más en un rango de edad desde los veinte a los cuarenta años”. Pero la experiencia y el dominio del oficio la han acercado a consumidores de todo tipo, que acuden desde diferentes puntos de la geografía o encargan sus servicios a distancia. “Hacemos cualquier tipo de pieza en cualquier tipo de material, abarcamos un abanico muy grande de oficios que nos permite juntar todas las técnicas en una misma pieza”.



○.....
Estilo Aramar
Rúa Antón Fraguas, Local 5
Pontevedra
Tel. 629 830 940
estiloaramar@gmail.com
www.estiloaramar.com
Carta de artesá / Carta
de artesana n° 3486
Obradoiro artesán /
Taller artesano n° 760



MERLÍN E FAMILIA

Santiago está cheo de lugares máxicos, de calexas que comparten o aire pétreo e melancólico da súa historia coa enerxía do presente. Entre os seus locais comerciais, tendas como Merlín e familia permiten asomarse ao mundo do turismo dun xeito moi especial. Rexentado por Patricia Pazos, este pequeno espazo situado na rúa Xelmírez consegue conxugar deseño, modernidade e orixinalidade sen perder de vista o produto artesán, a súa esencia e a súa capacidade de reinvención. Inaugurada a finais de 2014, xa chama a atención polo encanto dos seus escaparates, a coidada selección dos produtos e a singularidade da súa decoración.

O día 6 de decembro de 2014, Patricia abría as portas do seu local coa intención de dar a coñecer unha nova gama de artigos que escapase das liñas clásicas ou dos típicos obxectos-souvenir. O seu obxectivo, encher un baleiro que ela consideraba esencial na cidade: “Levo moitos anos vivindo en Santiago, coñezo a zona vella, o potencial do turismo nesta zona e tamén a súa oferta, que é bastante pobre, eu quería poder ofrecer cousas diferentes ao resto”. E así o fixo. Patricia comeza a recompilar ideas, información, a buscar artesáns a través doutras tendas, de exposicións e revistas, de internet e das suxestións da propia Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. Pouco a pouco, a súa tenda vaise convertendo nunha referencia na cidade da artesanía galega e dos

Santiago está lleno de lugares mágicos, de callejuelas que comparten el aire pétreo y melancólico de su historia con la energía del presente. Entre sus locales comerciales, tiendas como Merlín e familia permiten asomarse al mundo del turismo de una manera muy especial. Regentado por Patricia Pazos, este pequeño espacio situado en la calle Xelmírez consigue conjugar diseño, modernidad y originalidad sin perder de vista el producto artesano, su esencia y su capacidad de reinvención. Inaugurada a finales de 2014, ya llama la atención por el encanto de sus escaparates, la cuidada selección de los productos y la singularidad de su decoración.

El día 6 de diciembre de 2014, Patricia abría las puertas de su local con la intención de dar a conocer una nueva gama de artículos que escapara de las líneas clásicas o de los típicos objetos-souvenir. Su objetivo, llenar un vacío que ella consideraba esencial en la ciudad: “Llevo muchos años viviendo en Santiago, conozco la zona vieja, el potencial del turismo en esta zona y también su oferta, que es bastante pobre, yo quería poder ofrecer cosas diferentes al resto”. Y así lo hizo. Patricia comienza a recopilar ideas, información, a buscar artesanos a través de otras tiendas, de exposiciones y revistas, de Internet y de las sugerencias de la propia Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. Poco a poco, su tienda va convirtiéndose en una referencia en la ciudad de la artesanía gallega y de los pro-

produtos feitos á man, con mimo, como a ela lle gustan. "Quería traballar ben a artesanía galega aproveitando que hai turismo internacional e xente que o valora, que vén e quere levar algo de aquí, pero como Galicia é un sitio pequeno empecei a buscar tamén en España. Busco un produto que non estea masificado e que ofrezca algunha característica diferente, que teña algo especial".

Ese mesmo encanto que demanda para a súa gama de produtos tamén se aprecia na decoración da tenda, que busca fuxir do prototipo Ikea para presentar un espazo persoal e xenuíno, creado a partir de pequenos detalles segundo as características propias do local. Tal vez por iso as reaccións da xente estean sendo tan positivas: "Cando entran á tenda chámalles moito a atención o deseño e a orixinalidade dos produtos. O escaparate por exemplo funciona moi ben como reclamo". En canto á selección dos artigos para a venda, Patricia confesa que adoita fixarse en obxectos utilitarios, que non descoiden o deseño pero tampouco a función, e admite sentirse especialmente interesada polos artesáns que "teñan unha historia que contar, que coiden o seu produto e non o expoñan en calquera sitio".

Merlín e familia

Rúa Xelmírez, 14

Santiago de Compostela (A Coruña)

Tel. 881 163 723

merlinefamiliasantiago@gmail.com

<https://www.facebook.com/pages/Merlín-e-familia>



ductos hechos a mano, con mimo, como a ella le gustan. "Quería trabajar bien la artesanía gallega aprovechando que hay turismo internacional y gente que lo valora, que viene y quiere llevarse algo de aquí, pero como Galicia es un sitio pequeño he empezado a buscar también en España. Busco un producto que no esté masificado y ofrezca alguna característica diferente, que tenga algo especial".

Ese mismo encanto que demanda para su gama de productos también se aprecia en la decoración de la tienda, que busca huir del prototipo Ikea para presentar un espacio personal y genuino, creado a partir de pequeños detalles según las características propias del local. Tal vez por eso las reacciones de la gente estén siendo tan positivas: "Cuando entran a la tienda les llama mucho la atención el diseño y la originalidad de los productos. El escaparate por ejemplo funciona muy bien como reclamo". En cuanto a la selección de los artículos para la venta, Patricia confiesa que suele fijarse en objetos utilitarios, que no descuiden el diseño pero tampoco la función, y admite sentirse especialmente interesada por los artesanos que "tengan una historia que contar, que cuiden su producto y no lo expongan en cualquier sitio".





O RESPLANDOR DUNHA XOIERÍA ÚNICA

EL RESPLANDOR DE UNA JOYERÍA ÚNICA

A actividade xoieira forma parte da idiosincrasia do pobo galego e Santiago de Compostela é tal vez un dos recantos con maior tradición orfiva de España. Ao longo dos séculos, diferentes mestres do gremio ocupáronse de perpetuar o seu oficio xeración tras xeración, confiándolle aos seus sucesores o labor de continuar deseñando para as persoas, de atrapar a finura e o estilo dos seus portadores. Pero, ao igual que o mundo, o concepto de xoiería debe ir variando para adaptarse ao ritmo dos novos tempos; converterse en expresión e reflexo da cultura contemporánea. Nesta tarefa implicáanse Antonio Ibáñez e Jose Castro en Noroeste Obradoiro, unha galería/taller situada no casco histórico de Santiago que aposta pola innovación, polo traballo artesanal e pola creatividade como sinal de identidade das súas pezas.

La actividad joyera forma parte de la idiosincrasia del pueblo gallego y Santiago de Compostela es tal vez uno de los rincones con mayor tradición orfebre de España. A lo largo de los siglos, diferentes maestros del gremio se han ocupado de perpetuar su oficio generación tras generación, confiando a sus sucesores la labor de continuar diseñando para las personas, de atrapar la finura y el estilo de sus portadores. Pero, al igual que el mundo, el concepto de joyería debe ir variando para adaptarse al ritmo de los nuevos tiempos; convertirse en expresión y reflejo de la cultura contemporánea. En esta tarea se implican Antonio Ibáñez y Jose Castro en Noroeste Obradoiro, una galería/taller situada en el casco histórico de Santiago que apuesta por la innovación, el trabajo artesanal y la creatividad como seña de identidad para sus piezas.

Tras unha longa traxectoria en deseño, produción, comercialización e exportación de xoyería contemporánea, en 1994 Marian Diéguez e Antonio Ibáñez fundan Noroeste/Galería. Coa intención de dar a coñecer as súas propias creacións e as doutros autores, durante anos o seu espazo serviulle como plataforma de visibilidade a creadores xa consolidados e novos valores, entre quen destaca Jose Castro, actual socia e codirectora da empresa. En 2010 Noroeste abre o seu propio obradoiro e finalmente en 2013, a grande acollida do público fai que Jose e Antonio se decidan a unificar Noroeste Obradoiro e Noroeste Galería nun mesmo local, permitiéndolle ao cliente entrar en contacto co propio proceso de elaboración das pezas. Nos seus estantes descansan todo tipo de xoias, dende complementos de uso persoal ata obxectos de escritorio ou deseños de regalo corporativo e institucional. Ademais, aceptan traballos por encargo e amosan produtos doutros artesáns, como deseños téxtiles de produción manual.

“Hai unha clara concepción atlántica nos nosos deseños. Unha sobriedade, unha busca de valores fundamentais e permanentes”

Está convencida de que a diversificación de actividades é necesario hoxe en día para poder dedicarse á artesanía a tempo completo. Ela dedícase tamén a impartir formación en tecido artesanal e á comercialización de fíos e tecidos para outras artesáns, e aposta por reformular o xeito de se presentar ao público dende o punto de vista comercial. Neste empeño Ana Castro acáballe de dar un novo xiro á súa traxectoria grazas á participación neste proxecto. Un espazo de exposición e venda onde a artesá tamén fai demostracións en vivo e que comparte con outros profesionais e emprendedores de sectores moi diferentes: comunicación e eventos, xoyería, adegas, produtos gourmet, servizos de asesoramento ou turismo activo.

E a experiencia non pode ser máis enriquecedora. “É un esforzo importante porque me teño que multiplicar para estar no taller de Sandiás e en Santiago pero creo que

Como deseñadora y tejedora lo que más disfruta es la pieza única. De hecho, en todos sus años de experiencia puede presumir de no haber repetido prácticamente ninguna pieza y sigue apostando por la innovación tanto en los diseños como en los materiales que aplica al tejido. Ana Castro aboga por la introducción del tejido artesanal en cualquier momento de nuestra vida diaria, no solo en las grandes ocasiones, sino que anima a la sociedad a apostar por las piezas de alta calidad que perduren en el tiempo, como los amigos. “Pequeños lujos para disfrutar a diario” o “Cada día hay algo que celebrar” son algunos de los mensajes que se desprenden de la web de esta artesana que contagia su optimismo a las piezas que elabora.

Está convencida de que la diversificación de actividades es necesaria hoy en día para poder dedicarse a la artesanía a tiempo completo. Ella se dedica también a impartir formación en tejido artesanal y a la comercialización de hilos y tejidos para otras artesanas, y apuesta por reformular el modo de presentarse al público desde el punto de vista comercial. En este empeño Ana Castro acaba de dar un nuevo giro a su trayectoria gracias a la participación en este proyecto. Un espacio de exposición y venta donde la artesana también hace demostraciones en vivo y que comparte con otros profesionales y emprendedores de sectores muy diferentes: comunicación y eventos, joyería, bodegas, productos gourmet, servicios de asesoría o turismo activo.

Y la experiencia no puede ser más enriquecedora. “Es un esfuerzo importante porque me tengo que multiplicar para estar en el taller de Sandiás y en Santiago pero creo que



vai pagar a pena. O espazo da Quintana convértese nun lugar de referencia para visitar o meu taller ou para ver a miña web. Dende que estou aquí as visitas á web disparáronse e xa estou traballando na tenda online”, explica a artesá, que recoñece que está ao día tamén coas redes sociais a través do seu perfil en Facebook. Unha ferramenta que lle permite chegar ao mesmo nicho de mercado de sempre pero tamén a aquel que se atopa a unha maior distancia e ao que non podería chegar de non ser polas vantaxes que ofrece internet.

Ana Castro explica que o seu escaparate na Quintana lle ofrece a posibilidade de chegar a un mercado que ata o de agora non formaba parte da súa clientela habitual, un público que chega a Santiago buscando cultura, tradición e que queda abraiado cando atopa unha artesá tecendo nun tear manual no medio da zona vella de Santiago de Compostela. “Non é un turista convencional, é un viaxeiro con moito interese na cultura, que non busca tendas de agasallos e está encantado de atopar alguén facendo unha demostración de artesanía”, sinala.

Así e todo, a artesá ten claro que unha das vantaxes máis importantes deste proxecto é a posibilidade de colaborar con outros profesionais, sexan artesáns, artistas ou empresas doutro tipo. “Colaborar é moi importante. Agora mesmo xa non serve estar illado no teu espazo senón que hai

merece la pena. El espacio de la Quintana se convierte en un lugar de referencia para visitar mi taller o para ver mi web. Desde que estoy aquí las visitas a la web se han disparado y ya estoy trabajando en la tienda online”, explica la artesana, que reconoce que está al día también con las redes sociales a través de su perfil en Facebook. Una herramienta que le permite llegar al mismo nicho de mercado de siempre pero también a aquel que se encuentra a una mayor distancia y al que no podría llegar de no ser por las ventajas que ofrece internet.

Ana Castro explica que su escaparate en la Quintana le ofrece la posibilidad de llegar a un mercado que hasta ahora no formaba parte de su clientela habitual, un público que llega a Santiago buscando cultura, tradición y que se sorprende cuando encuentra a una artesana tejiendo en un telar manual en medio de la zona antigua de Santiago de Compostela. “No es un turista convencional, es un viajero con mucho interés en la cultura, que no busca tiendas de regalos y está encantado de encontrarse con alguien haciendo una demostración de artesanía”, señala.

Aun así, la artesana tiene claro que una de las ventajas más importantes de este proyecto es la posibilidad de colaborar con otros profesionales, sean artesanos, artistas o empresas de otro tipo. “Colaborar es muy importante. Ahora mismo ya no sirve estar aislado en tu espacio sino





que establecer sinerxías, sempre sen perder a perspectiva de quen es e do que fas”.

No que se refire á elaboración e venda das súas pezas reconece ser moi esixente en cuestións de calidade tanto no material coma no proceso de tecido e de remate, así como á hora de expoñer as pezas e mesmo os fíos, pois asegura que o xeito de combinar as cores pode supoñer a diferenza entre vender ou non. “Se por definición un artesán ten que ser creativo, neste caso ten que poñer toda a súa enerxía en amosar a súa artesanía de xeitos diferentes e sorprender o cliente”, explica.



que hay que establecer sinergias, siempre sin perder la perspectiva de quién eres y lo que haces”.

En lo que se refiere a la elaboración y venta de sus piezas reconoce ser muy exigente en cuestiones de calidad tanto en el material como en el proceso de tejido y remate, así como a la hora de exponer las piezas e incluso los hilos, pues asegura que el modo de combinar los colores puede suponer la diferencia entre vender o no. “Si por definición un artesano tiene que ser creativo, en este caso tiene que poner toda su energía en mostrar su artesanía de modos diferentes y sorprender al cliente”.



LOS SEGREDOS DEL ARTE FLORAL

LOS SECRETOS DEL ARTE FLORAL



“Quero un contacto directo coa persoa, dar servizo, non simplemente ver o cliente coma un número”

A beleza das flores, as súas proporcións, as súas cores, o seu aroma... conseguen enfeitizar os nosos sentidos, despertar o interese por esas pequenas mostras da natureza. Cunha flor buscamos agradar a alguén, reservar un sorriso, absorber a súa enerxía, conquistar o recordo ou consumir unha historia. Para iso é necesario dar coa combinación perfecta, a fórmula axeitada para sacar o máximo rendemento ás emocións. Por iso en Floriforma as flores convértese no fiel reflexo do seu portador e para Beatriz Méndez vólvese tan necesario un trato personalizado, un diálogo constante entre o deseño e o seu destinatario.

“Quiero un contacto directo con la persona, dar servicio, no simplemente ver al cliente como un número”

La belleza de las flores, sus proporciones, sus colores, su aroma... consiguen hechizar nuestros sentidos, despertar el interés por esas pequeñas muestras de la naturaleza. Con una flor buscamos agradar a alguien, reservar una sonrisa, absorber su energía, conquistar el recuerdo o consumir una historia. Para ello es necesario dar con la combinación perfecta, la fórmula adecuada para sacar el máximo rendimiento a las emociones. Por eso en Floriforma las flores se convierten en el fiel reflejo de su portador y para Beatriz Méndez se vuelve tan necesario un trato personalizado, un diálogo constante entre el diseño y su destinatario.





Achegarse ao seu taller en Cacheiras é como penetrar nunha paleta cromática desorganizada onde cada material espera ser rescatado para un novo uso. En Floriforma non hai unha tenda na que comprar ramos e complementos, tampouco un escaparate ou galería, pero si ferramentas, pinturas e todos os elementos necesarios para explorar día a día as diferentes calidades do material. “Nunca me atraeu abrir unha tenda porque moitas veces é a simple venda de mercancía e non me interesa isto, eu quero facer cousas personalizadas”. Beatriz traballa por encargo, solicita a mercancía segunda as necesidades do cliente e esmérase en ofrecer calidade, pero tamén conserva algún modelo das súas últimas pezas para ofrecer ideas “adóitalles gustar moito que lles ensines cousas diferentes”.

Un oficio en continua renovación


Tal vez cando Beatriz finalizaba os seus estudos de Filoloxía Inglesa en Colonia non imaxinase que remataría por dedicarse ao deseño floral, aínda que quizais comezouno a sospeitar mentres cursaba Capacitación Agraria en Guísamo, A Coruña, onde empezou un módulo de flor que chamou moito a súa atención. Tras estudar na Escuela Española de Arte Floral de Madrid, traballar xunto a mestres floristas alemáns e visitar exposicións e eventos, Floriforma abre no ano 2009 coa intención de facerse un oco no universo do deseño floral. “A partir de aí acudo a



Acercarse a su taller en Cacheiras es como penetrar en una paleta cromática desorganizada donde cada material espera ser rescatado para un nuevo uso. En Floriforma no hay una tienda donde comprar ramos y complementos, tampoco un escaparate o galería, pero sí herramientas, pinturas y todos los elementos necesarios para explorar día a día las diferentes cualidades del material. “Nunca me atrajo abrir una tienda porque muchas veces es la simple venta de mercancía y no me interesa esto, yo quiero hacer cosas personalizadas”. Beatriz trabaja por encargo, solicita la mercancía según las necesidades del cliente y se esmera en ofrecer calidad, pero también conserva algún modelo de sus últimas piezas para aportar ideas “les suele gustar mucho que les enseñes cosas diferentes”.

Un oficio en continua renovación

Tal vez cuando Beatriz finalizaba sus estudios de Filología Inglesa en Colonia no imaginase que terminaría dedicándose al diseño floral, aunque quizás comenzó a sospecharlo mientras cursaba Capacitación Agraria en Guísamo, A Coruña, donde empezó un módulo de flor que llamó mucho su atención. Tras estudiar en la Escuela Española de Arte Floral de Madrid, trabajar junto a maestros floristas alemanes y visitar exposiciones y eventos, Floriforma abre en el año 2009 con la intención de hacerse un hueco en el universo del diseño floral. “A partir de



feiras para noivos e vou ensinando o meu traballo. Haise que mover moito, nada é seguro, hai que buscar clientes, dar cursos... ao principio fas un pouco de todo porque non sabes con que vas quedar”.

Como sucede na maioría dos oficios creativos, o do artesán é un traballo que require apego e dedicación pero tamén talante e, sobre todo, personalidade para ofrecer un servizo xenuíno, no que a xente confíe o seu estilo. Se falamos de arte floral, o proceso tórnase aínda máis íntimo e a boa conexión co usuario convértese na clave para o éxito. Trátase case dunha caracterización psicolóxica do modelo ou do espazo, de proxectar o reflexo dunha sensación a través da plasticidade das flores. “Hai que saber como materializar o pedido, traballarse moito ao cliente para que non teñan a impresión de que fago o mesmo para todos. É o seu encargo e isto é o máis importante: acertar sempre co gusto do cliente, que non é fácil”. En canto á decoración de espazos, Floriforma conta cunha ampla experiencia no sector e traballou para diferentes locais de eventos, polo que coñece ben as pautas a seguir e a necesidade de dominar o lugar de antemán para propoñer un estilo en harmonía co tipo de evento. “Hai que ter

ahí acudo a ferias para novios y voy enseñando mi trabajo. Hay que moverse mucho, nada es seguro, hay que buscar clientes, dar cursos... al principio haces un poco de todo porque no sabes con qué te vas a quedar”.

Como sucede en la mayoría de los oficios creativos, el de artesano es un trabajo que requiere apego y dedicación pero también talante y, sobre todo, personalidad para ofrecer un servicio genuino, en el que la gente confíe su estilo. Si hablamos de arte floral, el proceso se vuelve todavía más íntimo y la buena conexión con el usuario se convierte en el pilar fundamental para el éxito. Se trata casi de una caracterización psicológica del modelo o espacio, de proyectar el reflejo de una sensación a través de la plasticidad de las flores. “Hay que saber cómo materializar el pedido, currarse mucho al cliente para que no tengan la impresión de que hago lo mismo para todos. Es su encargo y esto es lo más importante: acertar siempre con el gusto del cliente, que no es fácil”. En cuanto a la decoración de espacios, Floriforma cuenta con una amplia experiencia en el sector y ha trabajado para diferentes locales de eventos, por lo que conoce bien las pautas a

certos coñecementos, ser consciente dos diferentes estilos, saber de proporcións e facelo o mellor posible adaptándose ao presuposto establecido". Cando nos referimos á arte floral moitas veces acode á mente un deseño clásico, realizado a partir de materiais, formas ou cores tradicionais. Non sempre é fácil romper cos estereotipos, facerlle ver á xente a posibilidade de innovación, e a experiencia é un soporte fundamental á hora de quebrar os límites. Por iso a asistencia a feiras e os cursos ou colaboracións con diferentes floristas son imprescindibles para educar a mirada, manterse á vangarda do oficio e poderlle ofrecer aos clientes un traballo moderno e personalizado: "Adoita gustarlles moito ver cousas diferentes, non tan recargadas, mirar soportes que non se poidan comprar a calquera almacenista e que non teña todo o mundo".

Manterse no mercado

As naves industriais ou os grandes supermercados situados nas aforas da cidade adquiren contedores enteiros de flor que comercializan en datas especiais. Á hora de lidar contra a competencia, cuxos prezos non poden atopar opoñente, a alternativa é ofrecer mellores acabados, coidar ao máximo o detalle, preparar o pedido con mimo e incorporarlle a exclusividade ao encargo. Outro aspecto fundamental para lograr manterse no mercado é facer unha boa campaña de difusión do traballo. Neste sentido Beatriz teno moi claro: "Hai que estar presente, ir a feiras, estar en internet, nas redes sociais... non te podes encerrar e esperar que te veñan buscar". Tamén é importante a formación, ser moi consciente de que a calidade se consegue co empeño e coa profesionalidade e de que "ninguén regala nada".

Floriforma é unha das poucas florerías de Galicia inscritas no Rexistro Xeral de Artesanía como obradoiro artesán, unha denominación que non se adoita asociar co traballo floral e da que Beatriz se sente moi orgullosa, consciente de que a súa profesión merece o recoñecemento de artesán: "Sempre poño todo o empeño en facelo ben para que a xente quede satisfeita. Non quero que haxa sorpresas desagradables, quero un contacto directo coa persoa, dar servizo, non simplemente ver o cliente coma un número".



seguir y la necesidad de dominar el lugar de antemano para plantear un estilo en armonía con el tipo de evento. "Hay que tener ciertos conocimientos, ser consciente de los diferentes estilos, saber de proporciones y hacerlo lo mejor posible adaptándose al presupuesto establecido". Cuando nos referimos al arte floral muchas veces acude a la mente un diseño clásico, realizado a partir de materiales, formas o colores tradicionales. No siempre es fácil romper con los estereotipos, hacer ver a la gente la posibilidad de innovación, y la experiencia es un soporte fundamental a la hora de quebrar los límites. Por eso la asistencia a ferias y los cursos o colaboraciones con diferentes floristas son imprescindibles para educar la mirada, mantenerse a la vanguardia del oficio y poder ofrecer a los clientes un trabajo moderno y personalizado: "Les suele gustar mucho ver cosas diferentes, no tan recargadas, mirar soportes que no se puedan comprar a cualquier mayorista y que no tenga todo el mundo".

Mantenerse en el mercado

Las naves industriales o los grandes supermercados situados a las afueras de la ciudad adquieren contenedores enteros de flor que comercializan en fechas especiales. A la hora de lidiar contra la competencia, cuyos precios no pueden encontrar oponente, la alternativa es ofrecer mejores acabados, cuidar al máximo el detalle, preparar el pedido con mimo y aportar exclusividad al encargo. Otro aspecto fundamental para lograr mantenerse en el mercado es hacer una buena campaña de difusión del trabajo. En este sentido Beatriz lo tiene muy claro: "Hay que estar presente, ir a ferias, estar en internet, en las redes sociales... no te puedes encerrar y esperar que te vengán a buscar". También es importante la formación, ser muy consciente de que la calidad se consigue con empeño y profesionalidad y de que "nadie regala nada".

Floriforma es una de las pocas floristerías de Galicia inscritas en el Registro Xeral de Artesanía como taller artesano, una denominación que no suele asociarse con el trabajo floral y de la que Beatriz se siente muy orgullosa, consciente de que su profesión merece el reconocimiento de artesano: "Siempre pongo todo el empeño en hacerlo bien para que la gente quede satisfecha. No quiero que haya sorpresas desagradables, quiero un contacto directo con la persona, dar servicio, no simplemente ver al cliente como un número".

.....
Floriforma
Beate Méndez Campos
Lgar. Procelas, s/n. Cacheiras. Teo (A Coruña)
Tel. 609 984 978
info@floriforma.com
www.floriforma.com
Carta de artesá / Carta de artesana nº 3486
Obradoiro artesán / Taller artesano nº 760



NOVAS E EVENTOS DA ARTESANÍA DE GALICIA

NOTICIAS Y EVENTOS DE ARTESANÍA DE GALICIA

A marca Artesanía de Galicia consolídase en feiras e eventos de diferente índole como marca de referencia do produto artesán de calidade, deseñado e producido en Galicia. A estratexia de impulso e desenvolvemento do sector artesán galego que está a levar a cabo a Consellería de Economía e Industria, baseada no Plan de Artesanía 2014-2016, céntrase no impulso á divulgación e posta en valor dos oficios artesáns, á mellora da competitividade do sector e á captación do talento galego ou ao fomento da innovación e da busca de novas fórmulas de comercialización.

Co obxectivo de impulsar as iniciativas emprendedoras no sector artesán galego, da incorporación de novos profesionais e da posta en valor dos oficios artesanais, a Xunta de Galicia promove a iniciativa **Facemos Marca. Medrando cos artesáns.**

As **Subvencións para a mellora da imaxe, modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retalista e artesanal galego para o ano 2015** da Consellería de Economía e Industria foron presentadas ao sector en diferentes xornadas en Sanxenxo, Ourense, Ferrol e Cangas do Morrazo, nas que participaron profesionais da artesanía.

La marca Artesanía de Galicia se consolida en ferias y eventos de diferente índole como marca de referencia del producto artesano de calidad, diseñado y producido en Galicia. La estrategia de impulso y desarrollo del sector artesano que está llevando a cabo la Consellería de Economía e Industria, basada en el Plan de Artesanía 2014-2016, se centra en el impulso a la divulgación y puesta en valor de los oficios artesanos, la mejora de la competitividad del sector y la captación del talento gallego o al fomento de la innovación y la búsqueda de nuevas fórmulas de comercialización.

Con el objetivo de impulsar las iniciativas emprendedoras en el sector artesano gallego, la incorporación de nuevos profesionales y la puesta en valor de los oficios artesanales, la Xunta de Galicia promueve la iniciativa **Facemos Marca. Medrando cos artesáns.**

Las **Subvencións para a mellora da imaxe, modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retalista e artesanal galego para o ano 2015** de la Consellería de Economía e Industria fueron presentadas al sector en diferentes jornadas en Sanxenxo, Ourense, Ferrol y Cangas do Morrazo, en las que participaron profesionales de la artesanía.



VI Concurso Deseña unha xoia para túa nai



Premios de Artesanía de Galicia 2014

A Consellería de Economía e Industria convocou os **Premios Artesanía de Galicia 2014**, cuxa resolución se fará pública no segundo semestre deste ano. Os galardóns recoñecen o labor creativo e a traxectoria dos artesáns galegos, ao tempo que contribúen a impulsar o relevo xeracional e o desenvolvemento do talento no sector. Os galardóns divídense en tres categorías: Premio Artesanía de Galicia 2014, dotado con 6.000 euros, Premio Traxectoria de carácter honorífico e a Bolsa Eloy Gesto, dotada con 3.000 euros para investir en formación. Nesta terceira categoría réndeselle unha homenaxe a unha das figuras máis relevantes do noso sector artesán que, ademais de ser un ourive de gran mestría que renovou a tradición compostelá, destacou polo seu forte compromiso co desenvolvemento e divulgación do sector, coa formación e co impulso ao relevo xeracional. Entre novembro de 2014 e febreiro de 2015, estivo aberta ao público a exposición *Eloy Gesto. Bosques de prata*, en Santiago de Compostela, onde se amosou a obra menos coñecida deste ourive compostelán.

A través da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, a marca Artesanía de Galicia continúa a participar en mercados de grande relevancia internacional. Un total de 24 obradoiros artesáns estiveron representados no stand de Artesanía de Galicia na edición de xaneiro de **Formex**, en Estocolmo, e regresarán na edición de setembro. En agosto, Artesanía de Galicia viaxará á capital do Reino Unido para participar en **Tent London**, con pezas de obradoiros artesáns tanto tradicionais como de deseño contemporáneo. No mes de setembro, o produto artesán galego estará representado na Semana de Galicia do pavillón de España na **Exposición Internacional Milán 2015**.

Artesanía de Galicia participou tamén no stand da nosa Comunidade Autónoma na feira de turismo **Fitur**, celebrada en Madrid do 28 de xaneiro ao 1 de febreiro.

Outra das iniciativas de apoio á exhibición e venda da artesanía no exterior é a participación en **Galicia. Pórtico universal**, unha infraestrutura para a promoción exterior da Comunidade Autónoma que inclúe diferentes localidades como Nuremberg (Alemaña) e Burgos, onde a marca Artesanía de Galicia contou cun espazo destacado. Durante o mes de setembro, Artesanía de Galicia participará na edición que se realizará en Bos Aires (Arxentina).

Un dos eventos nos que a Fundación centra boa parte dos seus esforzos é a celebración do **Corazón da Artesanía. IV Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia** nos Pendellos de Agolada, entre o 3 e o 5 de xullo. Un ano máis, tradición e vangarda comparten espazo nun evento no que se pode ver o traballo de medio cento de artesáns galegos, que desenvolven máis de vinte oficios tradicionais diferentes como a xoie-

La Consellería de Economía e Industria convocó los **Premios Artesanía de Galicia 2014**, cuya resolución se hará pública en el segundo semestre de este año. Los galardones reconocen la labor creativa y la trayectoria de los artesanos gallegos, a la vez que contribuyen a impulsar el relevo generacional y el desarrollo del talento en el sector. Los galardones se dividen en tres categorías: Premio Artesanía de Galicia 2014, dotado con 6.000 euros, Premio Traxectoria de carácter honorífico y la Bolsa Eloy Gesto, dotada con 3.000 euros para invertir en formación. En esta tercera categoría se rinde homenaje a una de las figuras más relevantes de nuestro sector artesano que, además de ser un orfebre de gran maestría, renovó la tradición compostelana, destacó por su fuerte compromiso con el desarrollo y divulgación del sector, con la formación y el impulso al relevo generacional. Entre noviembre de 2014 y febrero de 2015, estuvo abierta al público la exposición *Eloy Gesto. Bosques de prata*, en Santiago de Compostela, donde se mostró la obra menos conocida de este orfebre compostelano.

A través de la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, la marca Artesanía de Galicia continúa participando en mercados de gran relevancia internacional. Un total de 24 talleres artesanos estuvieron representados en el stand de Artesanía de Galicia en la edición de enero de **Formex**, en Estocolmo, y regresarán en la edición de septiembre. En agosto, Artesanía de Galicia viajará a la capital del Reino Unido para participar en **Tent London**, con piezas de talleres artesanos tanto tradicionales como de diseño contemporáneo. En el mes de septiembre, el producto artesano gallego estará representado en la Semana de Galicia del pabellón de España en la **Exposición Internacional Milán 2015**.

Artesanía de Galicia participó también en el stand de nuestra Comunidad Autónoma en la feria de turismo **Fitur**, celebrada en Madrid del 28 de enero al 1 de febrero.

Otra de las iniciativas de apoyo a la exhibición y venta de la artesanía en el exterior es la participación en **Galicia. Pórtico universal**, una infraestructura para la promoción exterior de la Comunidad Autónoma que incluye diferentes localidades como Nuremberg (Alemania) y Burgos, donde la marca Artesanía de Galicia contó con un espacio destacado. Durante el mes de septiembre, Artesanía de Galicia participará en la edición que se realizará en Buenos Aires (Argentina).

Uno de los eventos en los que la Fundación centra gran parte de sus esfuerzos es la celebración del **Corazón da Artesanía. IV Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia** en Os Pendellos de Agolada, entre el 3 y el 5 de julio. Un año más, tradición y vanguardia comparten espacio en un evento en el que se pudo ver el trabajo de medio centenar de artesanos ga-



Fía do liño en Baio

ría, a olería, a elaboración de instrumentos musicais, o téxtil, a cestería, a marroquinería, a elaboración de redes ou de zocos, a montaxe de moscas para a pesca, a tornearía de madeira ou a cantería.

Co Encontro de Agolada preténdese establecer un espazo de interrelación entre a artesanía e outros ámbitos como a música, a gastronomía ou o deseño. Ademais da exposición e venda de produtos artesanais e demostracións de oficios, houbo máis de corenta postos de venda de produtos gastronómicos, con especial atención ás denominacións de orixe galegas, showcooking, workshops e coloquios, actividades para nenos, unha exposición sobre a evolución da sombreirería na historia da moda e as actuacións musicais.

Co obxectivo de impulsar a comercialización do sector artesan galego e de promocionar a marca Artesanía de Galicia, a Fundación colaborou co establecemento de decoración **MYKA** (Santiago de Compostela) coa incorporación dun pop up de pezas da marca, para a exhibición e venda temporal de pezas de 19 obradoiros artesanís.

A comercialización no territorio galego tamén se ve apoiada grazas á colaboración con feiras de venda directa que se realicen en diferentes localidades galegas, que contan coa presenza da marca Artesanía de Galicia como símbolo de calidade e de prestixio de cara ao consumidor, e que constitúen plataformas de comercialización da artesanía galega. Neste ano 2015 a Consellería de Economía e Industria convoca as **Subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesan para o ano 2015**, dirixidas a titulares de obradoiros artesanais, concellos galegos e asociacións profesionais e empresariais de artesanís. Estas axudas contribuirán a fomentar o acceso dos artesanís a novos mercados, grazas ás subvencións para asistencia a feiras tanto profesionais como de venda directa, así como en accións comerciais emerxentes de carácter temporal como Pop ups, corners ou showrooms, que permitirán abrir novas canles de comercialización da artesanía. Os concellos e as aso-



Visita de Francisco Conde ao taller de Idoia Cuesta

llegos, que desenvolvan máis de vinte oficios tradicionais diferentes como joyería, alfarería, elaboración de instrumentos musicais, textil, cestería, marroquinería, elaboración de redes ou zuecos, montaje de moscas para pesca, tornería de madeira o cantería.

Con el Encontro de Agolada se pretende establecer un espacio de interrelación entre la artesanía y otros ámbitos como la música, la gastronomía o el diseño. Además de la exposición y venta de productos artesanales y demostraciones de oficios, hubo más de cuarenta puestos de venta y productos gastronómicos, con especial atención a las denominaciones de origen gallegas, showcooking, workshops y coloquios, actividades para niños, una exposición sobre la evolución de la sombrerería en la historia de la moda y actuaciones musicales.

Con el objetivo de impulsar la comercialización del sector artesano gallego y promocionar la marca Artesanía de Galicia, la Fundación colaboró con el establecimiento de decoración **MYKA** (Santiago de Compostela) con la incorporación de un pop up de piezas de la marca, para la exhibición y venta temporal de piezas de 19 talleres artesanos.

La comercialización en el territorio gallego también se ve apoyada gracias a la colaboración con ferias de venta directa que se realicen en diferentes localidades gallegas, que cuentan con la presencia de la marca Artesanía de Galicia como símbolo de calidad y prestigio de cara al consumidor, y que constituyen plataformas de comercialización de la artesanía gallega. En este año 2015 la Consellería de Economía e Industria convoca las **Subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesan para o ano 2015**, dirixidas a titulares de talleres artesanales, ayuntamientos gallegos y asociaciones profesionales y empresariales de artesanos. Estas ayudas contribuirán a fomentar el acceso de los artesanos a nuevos mercados, gracias a las subvenciones para asistencia a ferias tanto profesionales como de venta directa, así como en acciones comerciales emergentes de

ciacións profesionais e empresariais de artesáns poderán solicitar subvencións para realizar feiras monográficas dedicadas a oficios tradicionais ou feiras de diferentes oficios que estean consolidadas e nas que a maioría dos participantes estean inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Otros eventos nos que participou a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño durante o ano 2015 foron a participación na **Winter Master Class Vento de Pedra**, celebrada en Cabana de Bergantiños os días 20 e 21 de marzo; os **Premios Nacionais de Artesanía 2014** (Madrid), ou a visita do conselleiro de Economía e Industria ao **obradoiro de Idoia Cuesta** (Outeiro de Rei). Artesanía de Galicia tamén formou parte da celebración dos **Días Europeos da Artesanía**, do 27 ao 29 de marzo a través da apertura ao público dos obradoiros de Carro Artesanos (Ourense), Alfarería Aparicio (Buño) e Susi Gesto (Santiago de Compostela), así como coa colaboración na iniciativa **Oficios en acción**, que tivo lugar na Coruña e na que participaron oito obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía .

Como impulso a un dos oficios artesanais que forma parte do patrimonio cultural galego, a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño organiza o **II Encontro de Cacharreiros en Niñodagua** (Xunqueira de Espadanedo) e colabora no **II Certame de cantería VENTO DE PEDRA** organizado polo Concello de Cabana de Bergantiños.

O **VI Concurso Deseña unha xoia pra túa nai**, organizado polo Colexio Oficial de Xoiería, é unha iniciativa que premia a creatividade dos nenos e nenas e os achega ao traballo dos xoieiros.

O encaixe foi o protagonista en múltiples encontros en toda a nosa Comunidade e tivo o seu máximo expoñente na celebración da **XXV Mostra do Encaixe de Camariñas**, un evento de carácter internacional onde se combina este oficio tradicional coas novas aplicacións a outras áreas como é o caso do deseño de moda. En **Neda, Cervo, Portonovo (Poio), Pontevedra, Padrón, A Estrada, Burela e Milladoiro (Ames)** houbo xuntanzas de palilleiras con grande éxito de participación. A Fundación continuará a colaborar con este tipo de eventos en diversas localidades galegas ao longo do ano 2015.

Artesanía de Galicia colabora con proxectos que poñen en relación a gastronomía coa artesanía como **The Table – Abastos 2.0**, que se celebrou en Madrid do 21 de maio ao 27 de xuño, **Compostela Gastronómica**, celebrada en Santiago de Compostela do 16 ao 19 de abril, ou o showcooking da **Consellería do Medio Rural e do Mar** levado a cabo na Exposición Internacional de Milán no mes de xuño, entre outros.

carácter temporal como Pop ups, corners o showrooms, que permitirán abrir novos canais de comercialización de la artesanía. Los ayuntamientos y asociaciones profesionales y empresariales de artesanos podrán solicitar subvenciones para realizar ferias monográficas dedicadas a oficios tradicionales o ferias de diferentes oficios que estén consolidadas y en las que la mayoría de los participantes estén inscritos en el Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Otros eventos en los que ha participado la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño durante el año 2015 fueron la participación en la **Winter Master Class Vento de Pedra**, celebrada en Cabana de Bergantiños los días 20 y 21 de marzo; los **Premios Nacionales de Artesanía 2014** (Madrid), o la visita del conselleiro de Economía e Industria al **taller de Idoia Cuesta** (Outeiro de Rei). Artesanía de Galicia también formó parte de la celebración de los **Días Europeos da Artesanía**, del 27 al 29 de marzo a través de la apertura al público de los talleres de Carro Artesanos (Ourense), Alfarería Aparicio (Buño) y Susi Gesto (Santiago de Compostela), así como con la colaboración en la iniciativa **Oficios en acción**, que tuvo lugar en A Coruña y en la que participaron ocho talleres inscritos en el Rexistro Xeral de Artesanía .

Como impulso a uno de los oficios artesanales que forma parte del patrimonio cultural gallego, la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño organiza el **II Encontro de Cacharreiros en Niñodagua** (Xunqueira de Espadanedo) y colabora en el **II Certame de cantería VENTO DE PEDRA** organizado por el Concello de Cabana de Bergantiños.

El **VI Concurso Deseña unha xoia pra túa nai**, organizado por el Colexio Oficial de Xoiería, es una iniciativa que premia la creatividade de los niños y niñas y los acerca al trabajo de los joyeros.

El encaje fue el protagonista en múltiples encuentros en toda nuestra Comunidad y tuvo su máximo exponente en la celebración de la **XXV Mostra do Encaixe de Camariñas**, un evento de carácter internacional donde se combina este oficio tradicional con nuevas aplicaciones a otras áreas como es el caso del diseño de moda. En **Neda, Cervo, Portonovo (Poio), Pontevedra, Padrón, A Estrada, Burela y Milladoiro (Ames)** hubo encuentros de palilleiras con gran éxito de participación. La Fundación continuará colaborando con este tipo de eventos en diversas localidades gallegas a lo largo del año 2015.

Artesanía de Galicia colabora con proxectos que ponen en relación la gastronomía con la artesanía como

A formación especializada para artesáns e a captación de novo talento é outra das bases da estratexia de impulso ao sector artesán que está a poñer en marcha a Consellería de Economía e Industria. Na primeira parte do ano realizáronse dous cursos relacionados co téxtil: **Técnicas de Centón**, en Godomar, e **A experiencia tecida**, a cargo dos deseñadores Sara Coleman e José Bravo, en Santiago de Compostela. Durante a celebración do Corazón de Artesanía, IV Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Agolada, está previsto realizar diversos cursos relacionados coa sombreirería, coa fotografía e co deseño. O fotógrafo alemán Peter Scheneider impartirá o workshop **Fotografía aplicada á artesanía**, a artesá Viviana Araújo farase cargo do taller **Oficios de moda. Sombreirería con novos materiais**, o deseñador libanés Assaad Awad dirixirá a actividade **A asa. Análise, práctica e deseño**, e o santiagués David Cabezón impartirá o obradoiro **Fotografía para dispositivos móbiles. Artesanía no prato**.

A partir do mes de setembro a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño presentará novas accións formativas que está a organizar como o curso que dirixirá o reputado deseñador belga **Serkan Cura**, especializado na técnica da plumería aplicada á alta costura e que acudirá a Galicia por segundo ano consecutivo. Está previsto realizar outros tres cursos de formación en colaboración coa **EASD Mestre Mateo** (Santiago de Compostela) centrados na elaboración de tocados, na pasamanería e na pintura sobre seda.

A Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño continuou este ano co proxecto **Enredando, artesanía na escola**, unha ambiciosa iniciativa dirixida a integrar os máis novos no sector da artesanía. Os obxectivos deste proxecto son concienciar a sociedade do valor do produto feito á man, comezando polos máis novos; presentarlle aos rapaces que a artesanía pode ser tamén unha boa alternativa para o seu futuro laboral, atallar o problema da falta de relevo xeracional nos oficios máis tradicionais e promover o desenvolvemento da artesanía galega a través da formación de futuros artesáns creadores; e amosar á sociedade o valor engadido da artesanía en canto á súa creatividade, patrimonio cultural e tradición.



Serkan Cura

The Table – Abastos 2.0, que se celebrou en Madrid del 21 de maio al 27 de xuño, **Compostela Gastronómica**, celebrada en Santiago de Compostela del 16 al 19 de abril, o el showcooking de la **Consellería do Medio Rural e do Mar** llevado a cabo en la Exposición Internacional de Milán en el mes de xuño.

La formación especializada para artesanos y la captación de nuevo talento es otra de las bases de la estrategia de impulso al sector artesano que está poniendo en marcha la Consellería de Economía e Industria. En la primera parte del año se realizaron dos cursos relacionados con el téxtil: **Técnicas de Centón**, en Godomar, y **A experiencia tecida**, a cargo de los diseñadores Sara Coleman y José Bravo, en Santiago de Compostela. Durante la celebración de Corazón de Artesanía, IV Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Agolada, está previsto realizar diversos cursos relacionados con la sombreirería, la fotografía y el diseño. El fotógrafo alemán Peter Scheneider impartirá el workshop **Fotografía aplicada á artesanía**, la artesana Viviana Araújo se hará cargo del taller **Oficios de moda. Sombreirería con novos materiais**, el diseñador libanés Assaad Awad dirixirá la actividad **A asa. Análise, práctica e deseño**, y el santiagués David Cabezón impartirá el taller **Fotografía para dispositivos móbiles. Artesanía no prato**.

A partir del mes de septiembre la Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño presentará nuevas acciones formativas que está organizando como el curso que dirixirá el reputado diseñador belga **Serkan Cura**, especializado en la técnica de la plumería aplicada a la alta costura y que acudirá a Galicia por segundo año consecutivo. Está previsto realizar otros tres cursos de formación en colaboración con la **EASD Mestre Mateo** (Santiago de Compostela) centrados en la elaboración de tocados, la pasamanería y la pintura sobre seda.

La Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño continuó este año con el proyecto **Enredando, artesanía na escola**, una ambiciosa iniciativa dirigida a integrar a los más pequeños en el sector de la artesanía. Los objetivos de este proyecto son concienciar a la sociedad del valor del producto hecho a mano, comenzando por los más jóvenes; presentar a los niños que la artesanía puede ser también una buena alternativa para su futuro laboral, atajar el problema de la falta de relevo generacional en los oficios más tradicionales y promover el desarrollo de la artesanía gallega a través de la formación de futuros artesanos creadores; y mostrar a la sociedad el valor añadido de la artesanía en cuanto a su creatividade, patrimonio cultural y tradición.

ARTESANÍA
DE GALICIA



artesianiadegalicia.xunta.es
xunta.es

galicia



XUNTA
DE GALICIA

obradoiro de artesanía

artesianiadegalicia.xunta.es



XUNTA DE GALICIA